Public Diana 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XIV · 31 DE OUTUBRO · 1991

Nº 495 · APDO. 1371 (VIGO) · 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

Acumulan unha débeda de 44.000 millóns de pesetas

O burato das deputacións

Pontevedra (15.400 millóns), Lugo (6.800), A Coruña (12.285) e Ourense (9.500). Son as cifras da débeda dunhas deputacións que ameazan ruina, mentres os seus presidente dispoñen, sen control democrático, de cartos que superan, para cada un deles, os 1.000 millóns de pesetas. As corporacións provinciais camiñan na beira do *crack* financeiro.

CARLOS / VOZ NOTÍCIAS

César Mera, presidente da Deputación de Pontevedra, foi denunciado publicamente por impedir o acceso á documentación dos gastos presidenciais. Na foto saudando durante a campaña eleitoral en A Cañiza.

Israel: escoller entre os territórios ou a financiación dos EEUU

Comezaron onte as sesións da Conferéncia de Madrid. O temor dalguns observadores, máis cortina de fume mediática que sospeita real, a que os israelitas levantasen o campo por non cruzar palabra cos representantes palestinos, resultou infundado. Entre discursos optimistas e bons desexos,a diplomácia está a xogar as suas bazas, por primeira vez en máis de cuarenta anos.

(Páx. 11)



ALEX LARRETXI

Karmelo Landa: 'Euskadi tamén necesita unha conferéncia de paz

Seguiu de perto os procesos autodeterministas das nacións do Leste, viaxando repetidamente por elas e entrevistándose cos dirixentes e cos partidos políticos. Karmelo Landa, profesor da universidade basca e eurodeputado de Herri Batasuna, considera que eses procesos inciden positivamente nas nacións do estado Español e que, cara a conferéncia de Helsinqui II seria preciso a coodenación dos movimentos de liberación do estado.

(Páx. 12 - 13)

Carballedo, a casa consistorial ardeu 3 veces en 35 anos

O 28 de Outubro os viciños de Castro de Carballedo prendian lume ás dependéncias consistoriais situadas na Barrela, despois de producirse un violento enfrentamento no salón de plenos. Era a terceira vez que ardia a Casa Consistorial, pois, con anterioridade, xa queimaran o edifício de Castro hai trinta anos e as dependéncias de A Barrela hai dez, nun conflito que ten todas as características do enfrentamento dun *Norte* rico, cun *Sul* que vai a menos.

(Páx. 7)

Os sindicatos nacionalistas a prol dunha folga xeral

Ante a grave situación de deterioro socio-económico a Converxéncia Intersindical Galega (CIG) fixo pública a sua decisión de convocar unha folga xeral "canto antes mellor". Esta decisión estaba sendo demandada tamén polo sector agrário, pronunciandose xa a prol da convocatória o Sindicato Labrego Galego. As Xuventudes Socialistas, tamén decidiron apoiar esta convocatória. CCOO e a UXT na Galiza afirman que é necesário estudar detidamente a situación.

(Páx. 10)

Entre as catro corporacións provinciais arrastran unha débeda de 43.985 millóns

As deputacións ao borde do colapso económico

G. LUCA DE TENA-XAN CARBALLA

Foron durante anos os reis magos da campaña eleitoral. Agora están na ruina. As pedreas de subvencións deixaron enormes buratos nunhas institucións condenadas a desaparecer. Neste momento, os presidentes das deputacións só falan de débedas e buscan quen lles preste cartos para subsistiren. Non hai investimentos e a función de equilíbrio entre concellos non se cumpre.

"Se no canto de pagar 1000 millóns de pesetas ao ano en intereses, pago 700, son 300 millóns de pesetas que podo adicar a investimento". Esta declaración de César Mera, presidente da Deputación de Pontevedra forma parte dun panorama no que se fala de débedas que superan nove díxitos. Paradigma de deputación opulenta, catapulta de políticos polo sistema de reparto de dádivas e favores clientelares, a Deputación de Pontevedra encara neste trance como problema fundamental a refinanciación de 15.450 millóns de pesetas que debe. A de Lugo, que endexamais tivera esta clase de problemas, arrastra un calote de 6.800 millóns para unha irrecoñecíbel *Agrupación de Comisións de Festas*.

CARLOS
Cesar Mera, presidente da Deputación de Pontevedra

Un exercício completo

Case un exercício económico completo representa a débeda consolidada da Deputación de Pontevedra. E o que ten pendente de pago pode ser moito máis polas débedas a proveedores e contratistas. Se non é por unha operación de tesoreria por valor de 480 millóns, a casa provincial non daria pagado os salários de Outubro.

Pero ben se sabe que a facenda do perdido é máis xenerosa ca do rico. En meios financeiros era ben coñecida esta situación de bancarrota desde hai tempo, o que non impide que nas últimas municipais e autonómicas as deputacións repartisen cartos a manchea. A de Pontevedra entregou 1.339 millóns de adxudicación direita, que foron principalmente para aqueles concellos nos que a posibilidade de obter maioria para o *Partido Popular* estaba no aire. Asi, un alcalde do PSOE, como o de Vigo, non recebe nen peseta para o concello, pero organizacións e entidades urbanas levan máis de 44 millóns. A relación desta cidade do Sul inclue subvencións como a dunha mesa-altar por 350.000 pesetas para unha parróquia, 750.000 pesetas para a organización dunhas regatas ou 200.000 pesetas

EN MEIOS FINANCEIROS COÑÉCESE DESDE HAI TEMPO A SITUACION DE BANCARROTA DAS DEPUTACIÓNS

As eleicións non teñen para César Mera, nada que ver coa ruina da deputación que preside: "Todo o mundo sabe -precisaba de a pouco- que nas campañas eleitorais os partidos políticos procuramos ser xestores eficientes e que polo tanto aceleramos o gasto. Neste momento todas as partidas están gastadas pero eu considero que no 92 e 93 seguiremos a facer cousas".

Pistas eleitorais

César Mosquera, deputado do BNG por Pontevedra, di que as cantidades destinadas a bacheos, pistas e asfaltados son *absolutamente incontrolábeis* e calcula que poderian seren tanto como 1.221 millóns desde Novembro pasado, gastados para trazar *pistas eleitorais*. No mero desempeño do seu papel de deputado, Mosquera reclama información de gastos de obras e recebe como respostas que eses dados *son reservados*. As facturas de gastos de exercícios denanteriores que desde hai tempo podian consultar os deputados no Arquivo Provincial son desde hai pouco terreo vedado por orde do Presidente. "O que ocorre é que non están afeitos a que lles anden nos papeis".

Antonio Gato Soengas, deputado do PSOE en Lugo, considera que a carga financeira da deputación provincial non se pode soster. "As perspectivas de investimento real son mínimas: este ano non se dará chegado nen aos 500 millóns. No plan de crédito que regula a cooperación institucional nas obras locais, a participación da deputación é raquítica. No 92 non pasará do 5 por cento. No 91, o ministério das Administracións Públicas investiu en obras locais 312 millóns; a deputación, 65".

As deputacións que naceran para ser representación dos concellos e equilibrar os investimentos dentro do seu ámbito, están máis que nunca no centro da división entre o meio rural e o urbano. Vilagarcia, por exemplo, recebe case cinco mil



PEPE CARREIRO

pesetas por habitante e ano mentres que Soutomaior apenas pasa de duas mil ou Moaña, eminentemente rural, ten só 1.558.

A pouco de declarar suspensión de pagos, as deputacións volven a vista para o amoblamento da própria casa e perguntan en voz alta que poden vender. Os centros asistenciais, que en tempo foron emblema do labor das deputacións, convértense en propriedade incómodas. "É complexo administrar os centros sanitários e queremos que cada quen peche co seu", comenta César Mera ao se referir á urxente transferéncia dos dous hospitais da Deputación pontevedresa á Xunta. As institucións sanitárias están mal dimensionadas e anticuadas e todas adolecen de postos de traballo adxudicados no seu momento con critérios máis clientelares que profisionais. Un diagnóstico semellante pode facerse de moitos departamentos da administración das deputacións.

Ourense á beira do colapso

A situación de *crack* financeiro acompaña a xestión da Deputación de Ourense que nestes dias aborda os novos presupostos e a sua participación económica nos plans de obras provinciais. O montante de 9.500 millóns de débeda que arrastran no pazo da Rua do Progreso ourensán anda no 30,27%, unha cantidade que precisa de permisos do Ministério de Economia e que desde que chega ao 25% é considerada de gravidade. O orzamento proposto para o 92 é de 8.000 millóns, escasamente menor que o do pasado exercício.

"O único que se preocupa desta situación parece ser o interventor, declara Antón Sánchez, deputado nacionalista. Desde a presidéncia e desde os partidos que governan a institución non hai conciéncia política da situación. Prefiren argallar uns orzamentos fictícios e seguir vivindo a sua particular lua de mel gastando cartos sen control".

Como noutras Deputacións a disponibilidade de até 500.000 pesetas por adxudicación presidencial, publicadas no Boletin Oficial da Província, dan lugar a unha suma de escándalos de decisións dictadas por unha política clientelar. "O que sucede é que para saltarse esa limitación de cartos aplícanse até seis decretos sucesivos, con pequenas variantes pero cun mesmo destinatário".

TODAS AS PARTIDAS ESTÁN GASTADAS PERO CREO QUE NO 92 E 93 SEGUIREMOS FACENDO COUSAS (CÉSAR MERA)

En calquer caso, segundo o análise de Antón Sánchez Rivero, non existe na de Ourense, como noutras Deputacións, un problema de información, "quizais porque o 80% dos concellos da província contrólanos eles mesmos. O problema que hoxe teñen é que non dan abasto a tantas peticións".

X. MARRA / VOZ NOTÍCIAS
Manuel Fraga e o presidente da Deputación de Lugo, Cacharro Pardo.

A deputación do PSOE

Se a situación de Ourense é grave a da Coruña paréceselle. A *Deputación do PSOE* ten que gastar un 97,82% dos seus recursos ordinários en cubrir a débeda situando daquela a carga financeira nun 21,29% (12.285 millóns). O orzamento coruñés é o máis forte das catro institucións provinciais cun total que supera os 18.000 millóns. Os case 2.500 millóns de transferéncias ao Hospital Provincial e ao Psiquiátrico de Conxo son controlados en exclusividade polo grupo de Governo, ao igual que o da Central de Compras (50 millóns de presuposto), en calidade de *organismos autónomos* da Deputación. Os regulamentos que as rexen non foron democratizados e é moi difícil transparentar o estado e uso das suas finanzas. Recentemente PP e PSOE puxeronse dacordo á hora de opoñerse á criación dunha comisión que estudase a situación actual dos hospitais e a procura dunha fórmula para integralos no SERGAS, ao que hai que engadir o informe anual negativo do interventor para que a Deputación siga asumindo esas competéncias.

Rodríguez Doval, deputado do BNG presente nos últimos 5 anos na Deputación, analisa criticamente a situación: "O progresivo endebedamento producido pola apelación permanente aos cretos (hai que pedir cartos para facer obras e reforzar o papel da institución) descobren o esquelete dunha institución que vive ollando o embigo, sen capacidade de criación de riqueza e que pouco máis que move cartos dun lugar a outro".

A Deputación da Coruña é lugar cada catro anos da batalla permanente do PP e o PSOE por facerse co control. Desde a Deputación, e co seu espectacular orzamento, o PSOE reproduce os mesmos xestos caciquis que o PP. A imaxe de Fernández Moreda repartindo cheques en periodo eleitoral non deixa lugar ao benefício da dúbida. ♦

O ALTO PREZO DAS COOPERATIVAS PROVINCIAIS DO VOTO

As deputacións deben máis diñeiro do que suman os seus gastos e investimentos por un ano e nas axendas dos presidentes xa non destacan obras e proxectos senon préstamos, pólizas de crédito ou reparto da débeda entre varios bancos. Esta clase de operacións son no de hoxe a clave de arco do funcionamento económico das vellas administracións provinciais que nas duas convocatórias electorais precedentes repartian olímpicamente cheques e créditos segundo a topografia do voto conservador.

Nun contexto histórico no que se descarga todo o rigor crítico sobre a utilidade de institucións públicas deficitárias, apenas se formula a pregunta de cal será a utilidade real e nacional das deputacións. Mentres a curva dos investimentos vai camiño da barra do cero sen que ninguén o remédie e ao tempo que os presidentes non se sinten obrigados a explicar por que razón e con que fondos facian de rei Midas hai tan pouco, parece que na cúpula das deputacións non quedan políticos interesados en defender a institución. Cando os acreedores petan na porta, todo o que se lles ven á cabeza aos presidentes das deputacións é recortar nóminas de empregados, pedir cartos aos bancos ou queixarse do moitisimo que tarda o *SERGAS* en asumir os centros sanitários ou asistenciais da provincia, mal que estean pésimamente dotados, pior dirixidos e dimensionados segundo os cánones do absurdo.

O momento está a chegar en que nen o Estado quera por fin dar nada polas deputacións (que na institución das autonomias tiñan que representar o papel de freo e garda do centralismo), nen a cidadania galega se preste a entregar o canon pola producción de enerxia eléctrica, unha parte non pequena dos seus impostos e fondos de programas diversos (o *Plan Transfronteirizo*, o *Interreg* ou o da *Rede Viária Local*, entre outros) a cámbio das contas de vidro dunha pista de pórla ou da pá da deputación que entra na aldea como rocinante dos votos.

O burato das deputacións non é coxuntural senon que sae de todas as pedras torpemente colocadas nos seus mesmos alicerces. As denúncias da arbitrariedade con que o presidente pontevedrés Mera dispón dunha libreta institucional multimillonária para adxudicar obras e subvencións sen control e a decisión de pechar as portas á investigación de contas dun deputado, evidéncia un funcionamento interno non democrático que se revolve contra o tempo e as dificultades crecentes.

A crise das deputacións denúncia a obsolescéncia radical da representación provincial e a sua conversión en oficina de asignación de recursos e amosa a miopia histórica dos presidentes-caciques que deitaron todo o seu capital politico no peto da corrupción do voto. Pero tamén debe lembrarnos que o Governo Autónomo ten faculdade de impugnación xurisdicional dos actos e acordos das deputacións e pode requerir aos presidentes provinciais cando observen calquera deficiencia. Se o partido na Xunta nada ten que criticar das cooperativas provinciais de cultivo de votos, terá que asumir as consecuéncias direitas dun desastre económico que podia ter evitado con só apoiar a constitución da provincia única, a cuios defensores o tempo e as cifras están a dar toda a razón. ♦

A NOSA TERRA

A pala do partido

A partida de libre disposición da Deputación de Pontevedra para bacheos, pistas e asfaltados sumou 1.221.464.026. Nas facturas figuran os suministradores de grava, asfalto e aluguer de maquinária, pero o contribuinte non saberá nunca en que lugar traballou a pala da Deputación e onde foron deitar o asfalto ou o concreto. Segundo a denúncia presentada polo deputado Mosquera Lorenzo, a deputación de Pontevedra só pon en marcha estes servícios se levan a asinatura do presidente da institución que as move coa intermeiación do Partido Popular. A pala avanza cara a obra acompañada do aspirante ao voto e a recepción do servício leva a asinatura do representante local do PP.

Fernández Moreda, da Deputación da Coruña, entregando axudas aos gandeiros en plena campaña eleitoral.

As partidas que foron para estas obras estaban destinadas á conservación e mellora de obras pero na realidade poden servir para construir unha piscina climatizada na Cañiza, un vertedoiro de resíduos sólidos en Arbo ou para asfaltar novas pistas. Calquera das obras que levan a termo as catro deputacións galegas en véspera de eleicións carecen de proxecto e de orzamento e en todo caso non se procura que contemplen a relación con obras semellantes nen prever casos de interferéncia, dispersión ou duplicación. Con cartos repartidos durante as campañas fixéronse várias traidas parroquiais, nun mesmo val, que secaron os acuíferos. Ao non haber nengun plan conxunto, non se considerou que con todas as subvencións terian saido máis barato solucións como a de encorar un pequeno rio que poderia dar de beber a todo un val. Con todo, na orixe da constitución das deputacións estaba o cooperativismo e as solucións integradoras.

A Deputación de Pontevedra non entregou do capítulo de subvencións de asignación direita nen peseta aos concellos de Vigo e Pontevedra, pero entidades viguesas recebiron 44 millóns e outros 22 foron parar ás pontevedresas. Moitas destas entidades non están definidas nen rexistadas e as veces non son outra cousa que o comité local do PP.

Por meio de resolucións presidenciais (non interferíbeis) e a traveso do *Plan Principal de Obras y Servícios, POS*, do *Plan Operativo Local, POL* e do *Plan Comarcal de Accion Especial, PCAE*, o concello de Agolada (PP) recebeu 18.264 pesetas por habitante mentres a A Estrada (PSOE) adxudicábanlle 7.390, a Soutomaior (IND) 2.025 e a Vigo (PSOE) 132.

Pero o ofuscamento da información sobre o gasto público non é só património de César Mera. Na Coruña tamén se sabe dos meandros da ocultación e asi acádanse os 1.149 millóns de pesetas que non se someten á fiscalización corporativa. O sistema de *Resolución Presidencial* converten á Deputación nun cobizado castelo a conquistar. Os investimentos seguen sen coordenarse, pésie á Lei aprobada en 1989 polo Governo Laxe e ainda que os plans de Obras regúlanse por unha mecánica na que interveñen alguns factores obxectivos (povoación, esforzo fiscal, número de parróquias, ...) a cantidade *descontrolada* a manexar polo presidente segue a ser desmesurada. As partidas controladas por presidéncia reflexan esta situación: Teatro, Música e Cine (185 millóns); Deportes (450 millóns); Cursos de Verán (190 millóns); Gandeiria e Agricultura (240 millóns); Caza/Pesca (25 millóns); Feiras e Exposicións (23 millóns) e Asociacionismo (37 millóns). ♦



Formigón a eito para gañar eleicións

O *estilo Deputación* poderia estudarse nas Escolas de Arquitectura

As fotos que acompañan esta información ilustran unha denúncia apresentada en Setembro pasado nas delegacións provinciais de cultura e meio ambiente ourensáns. Emilio Fernández Sotelo, viciño da Valenzá, no concello de Barbadás, limítrofe con Ourense, recolleu unha comprida mostra de imaxes que fala por si soa. As ubicacións dos desaguisados son as vilas de As Lamas e Sobrado do Bispo, e os autores do atropelo as máquinas da Deputación, en plena campaña eleitoral a meados de Maio.

Na sua denúncia, Emilo Fernández Sotelo descrebe a "solución selvaxe" con que foi tratado o acceso e a aira de As Lamas, "con cantidades incontroladas de formigón, sobre soleira de grava (...) apreciándose un cruceiro en perfeito estado de conservación ao pé do que foron depositados parte dos escombros deducindo que non pudo ser tapado polo formigón dada a altura que representaba".

A maquinária pesada entraba tamén polos rueiros de Sobrado do Bispo, deixando a pegada do formigón até os mesmos valados de pedra, "puden apreciar - afirma o denunciante- *in situ* gran preocupación entre os viciños, persoas de avanzada idade que sofren e non din nada, teñen medo de dar o seu nome e ninguén lles consulta como queren vivir no sua aldea: veñen as máquinas e arrásano todo".

As denúncias ainda non foron contestadas e falta por ver se mesmo os responsábeis de Património non terian algo a dicer. Mentres a administración se decide, os historiadores da arte teñen un novo camiño de investigación e os biólogos poden ver o comportamento das arbores e prantas no seu novo meio natural. ♦





AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

CHAME AO TLF. (986) 43 36 24 E SOLICITE AS NOSAS TARIFAS PUBLICITÁRIAS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

METRO E CUARTA
TECIDOS
MÉNDEZ NÚÑEZ, 27 · EDIFICIO AVENIDA
CANGAS

GALIZA E MUNDO

• Entrevista con Manuel Camaño (Páx. 6) • MCG e LCR forman un só partido (Páx.9)
• A polémica da Faculdade de Xornalismo (Páx. 9) • Xuizo do EGPGC (Páx. 14)
• Entrevista con Collor de Melo, presidente do Brasil (Páx. 15)

ORZAMENTOS PARA O 92

Xosé António Orza xustifica o alto nível de endebedamento

A Xunta reduce o apoio ás empresas e aposta pola construción de estradas

■ MANUEL VEIGA

Máis investimentos en infraestruturas (mellora de estradas, electrificación e telefonia rural...) e redución das subvencións á criación de empresas ou a aquelas que están en crise parecen ser os rasgos definitórios dos orzamentos anunciados pola Xunta de Galiza para 1992. O capítulo de investimentos supera en 11 mil millóns o do ano anterior, unha cantidade da que hai que reducir o efecto da inflación.

A Conselleria de Indústria e Comércio gastará case 4 mil millóns de pesetas en mellorar a electrificación rural e perto de 2 mil en telefonia, o que supón aproximadamente a metade do total. En contrapartida as subvencións á criación de empresas descenderá de 1.800 millóns en 1991 a 361 este ano, mentres o apoio a empresas en crise sofrirá unha redución igoalmente drástica, pasando de 1.100 millóns a só 175.

Segundo Santos Oujo, portavoz de Coalición Galega, este reparto pon en perigo a criación de novas empresas e fomentará "a emigración de capital galego". O planteamento realizado pola Xunta para estes orzamentos do 92 foi, sen embargo, loubado polo presidente da Confederación de Empresários de Galiza, António Ramilo.



A mellora de estradas, unha prioridade para Fraga, pero non para Solchaga. XURXO LOBATO / VOZ NOTICIAS

Os investimentos reais estarán destinados en medida importante á construción e mellora de estradas, o que manterá o número de traballadores empregados na construción e o pulo dun sector tradicionalmente dinamizador da economia. A cámbio, poucos dubidan de que este reparto dos orzamentos vai impedir o refrotamento de empresas en crise e a modernización do aparello produtivo, máxime nun intre fundamental como é o da entrada en vigor da acta única. Cabe supoñer, xa que logo, que no intervalo serán empresas extranxeiras, de decidirense a vir a Galiza, as que rentuen a mellora de infraestruturas.

Alto endebedamento

Para o Conselleiro de Economia, Xosé António Orza, "o endebedamento é imprescindibel para que o povo galego teña un nível adecuado de servícios".

A previsión orzamentária situa a débeda real para 1991 en setenta mil millóns de pesetas; tal e como explicou o portavoz económico do PSOE, Fernando Salgado. Para os socialistas, ao endebedamento de 56 mil millóns recoñecido pola Xunta, hai que engadir os 14 mil que abranguen os créditos solicitados con destino ao Servício Galego de Saude, a gran bomba explosiva coa que conta o actual governo.

Máis da terceira parte da débeda prevista vai ser destinada a pagar a factura da débeda anterior, segundo Salgado.

Galiza nos orzamentos do Estado

Os orzamentos do Estado prevén unha aportación para Galiza de 195 mil millóns en 1992, se se suman aos ingresos estatais a parte correspondente ao fondo de compensación territorial.

Esta cifra supon un incremento de 21 mil millóns sobre 1991 en pesetas correntes, pero bastante menos se se contabilizan os custos da inflación. ♦

CADA GOVERNO PROMOCIONA O SEU ESCAPARATE

M. VEIGA

Deducir, resumindo, que os orzamentos de Solchaga están feitos para apoiar á empresa, reducindo os gastos en autovias, mentres os de Orza seguen a prioridade contrária, pode levarnos a supoñer contradicións que, sen embargo, non existen.

Os orzamentos de ambos governos teñen en común dous elementos claves: a precariedade ou a ameaza de recesión que se traduce nunha série de recortes que xa empezan a seren percebidos pola sociedade (mália que Solchaga prevea un crecemento do 3,3 para 1992) e o afán por manter, a bombo e platillo, escaparates lustrosos que os defendan dunha posíbel crise eleitoral. Para González o escaparate é a Expo e as Olimpiadas; para Fraga son as autovias; pezas sublimes que deben excitar a imaxinación do eleitorado: fogueteiria olímpica e nacionalista para un pais que festexa a sua entrada en Europa e estradas para outro pais, máis pobre, que contentaria as suas arelas circulando a 120 por hora entre Coruña e Vigo.

O problema está naqueles aspectos nos que ambos plans non conxenian. O Estado frea as autovias que quere Galiza e fomenta a empresa na procura dunha mellor competitivade no mercado único. Fraga, en cámbio, parece rendirse e deixanos só coas estradas construidas co noso próprio peto, renunciando a impulsar calquer iniciativa empresarial. E queda ainda o cordón umbilical da financiación autonómica, pero Fraga non é economista, senón embaixador. ♦

PARA GONZÁLEZ O ESCAPARATE É A EXPO E AS OLIMPIADAS; PARA FRAGA SON AS AUTOVIAS

Nen a administración estatal, nen a autonómica, conseguiron diminuir os gastos correntes

O Estado invirte as prioridades da Xunta

Os orzamentos do Estado para 1992 teñen un signo contraditório en moitos casos a respeito dos presentados pola Xunta de Galiza. Asi os do Estado poden considerarse restritivos, especialmente no tocante ao investimento en infraestruturas, pero máis xenerosos en servícios sociais (hai que ter en conta que a taxa de desemprego, unha das máis altas da CE, cos gastos que conleva para o Estado en forma de subsídios, comeza a pesar na economia). Para frear o paro, o Estado preve incrementar as medidas favorábeis ás empresas que crien emprego.

Arcas valeiras

Ao revés que no caso de Galiza, o recorte de investimentos en infraestruturas afectará negativamente sobre a construción. Solchaga encontrouse coas arcas valeiras, despois de financiar os tres polos de desenvolvimento previstos para o vindeiro ano: Barcelona, Sevilla e Madrid. Esta última capital concentrará o groso dos gastos culturais e abserverá perto de 200 mil millóns de pesetas. Unhas boas cifras para comparar coa fraqueza que segue Galiza.

O Estado preve tamén o freo aos aumentos salariais con vistas a incentivar a competividade e un incremento da presión fiscal, principalmente através do aumento de un punto no IVA, asi como na subida da gasolina.

O recorte da burocrácia

O que teñen en común ambas administracións é o elevado volume dos gastos correntes. Seguro que este capítulo merecería unha análise máis demorada. Pero cabe apontar aqui, que nen a equipa socialista, nen en Galiza a de Fraga, conseguiron disminuir o gasto diário das suas respectivas administracións, mália que esta divisa figurase, de maneira relevante, no programa eleitoral de ambos. O certo é que as estruturas funcionariais seguen sendo mastodónticas, á par que ineficaces, consecuéncia a bon seguro de que os critérios de seleción e funcionamento foron e son máis clientelares que profisionais. O pago de favores de cada partido, en forma de posto na administración, entre outras figuras habituais, acaba por ser sufragado por todos os cidadáns nos orzamentos de cada ano. ♦

DIALOGOS PARA O CÁMBIO

Manuel Camaño

'A frente que non admita dentro de si aos independentistas será un fracaso'

■ MANUEL VEIGA

Concellal en Cangas pola Frente Popular Galega, sindicalista do mar e político con experiéncia, mália ter só 31 anos, Manuel Camaño cree que, para progresar, "é imprescindibel que o nacionalismo supere o sectarismo e a falta de respeto ás minorias que o caracterizaron até agora".

Despois de tantos enfrentamentos e dunha loita tan grande, non resulta un pouco frustrante ver ao PP na alcaldia?

En política os *sis* e os *nons* adoitan a ser desafortunados. Cada cousa hai que valorala en función dunha época, dunhas referéncias e dun traballo social. Tamén hai unha realidade: o PP está na alcaldia, pero hai outro que non está. Con iso digo todo. O futuro penso que será máis explícito ainda.

Cangas é máis combativa que o resto de Galiza?

Eu sempre fuxin de tópicos tribais e localistas. O que houbo aqui non foi espontáneo, é un traballo de anos. Tampouco ten unha explicación sociolóxica que vaia máis aló do que poida suceder noutras vilas. É certo que xa na república habia un alto grao de organización, o que se mediu polo número de *paseados*, pero creo que a influéncia disto sobre os feitos actuais é secundária. A resposta a unha série de agrávios que houbo en Cangas hai que situala no contexto actual que é o dun traballo organizativo e político constante, sen arriar os obxetivos, pero tamén sen magnificar, nen sublimar nada, porque en calquer momento te podes enganar e hai que reconducir as cousas. Penso que nisto reside o secreto da política.

A FPG semella máis de Cangas que galega?

Penso que non é asi. Hai unha realidade que non se pode negar: efectivamente, onde ten máis influéncia é en Cangas. Pero, por fortuna está espallada por todo o pais e o seu proxecto é un proxecto patriótico que abrangue a toda a nación. Outra cousa é que o nível de implantación sexa distinto nuns lugares e noutros.

Do mar á unidade sindical

Vostede participou de maneira destacada na loita dos mariñeiros do banco canário-sahariano. Que lembra con máis interés de aquelo?

Persoalmente os mellores recordos son os de solidaridade, os de ver como os traballadores cunha organización disciplinada e democrática, nun contexto de loita, poden arrincar grandes conquistas. Desde o eido sindical, e con todas as misérias que houbera, este conflito foi exemplar para o sindicalismo do mar que hoxe existe.

A NOSA TERRA

Vostede foi durante anos membro cualificado da INTG. Desde non hai moito forma parte da CXTG. Como se explica este cámbio, cando ademais as duas centrais parecen camiñar cara a unificación?

Nen eu, nen os compañeiros que constituimos o Sindicato Mariñeiro Galego e demos o paso de integrarnos na CXTG, temos vocación persoalista, gremialista, nen de romper nada. Fumos forzados a iso de maneira desafortunada e non quero incidir aí porque, por sorte, estes problemas poden superarse. Isto deuse por interferéncias políticas desmedidas. Eu nunca agachei a miña militáncia política, todos temos unha evolución, pero o que debemos ter claro no traballo de masas, e especialmente no sindical, é que hai que ser respetuosos cos obxetivos dos traballadores. A conflitividade resulta moitas veces bochornosa e non é comprendida pola base social.

Como ve a relación a curto prazo entre as duas centrais nacionalistas?

Espero que a unidade se consiga canto antes mellor. Pero isto hai que matizalo, non por andar con rodeos, senón por facer as cousas ben feitas. Non teño na cabeza datas referentes, pero si os princípios que se deben seguir: pluralismo, democrácia interna e respeto para todas as liñas que existen dentro do sindicato, sexan maioritárias ou minoritárias, e uns postulados de clase.

Esquerda e autodeterminación

Miguel Campuzano, militante da FPG, acusado de colaboración co EGPGC, ven de afirmar no xuício de Madrid que a sua postura é "crítica" a respeito desta organización armada. Como membro da FPG, pode concretar vostede esa valoración?

Esa afirmación, que eu lin na prensa, foi realizada a título particular por Campuzano. Pola miña parte, creo que hai moito que criticar neste país, pero teño unha escala de valores e uns ritmos e non quero perder o tempo en criticar algo acesório. Pode parecer unha divagación, pero non teño interés en valorar cuestións que poidan supoñer unha cortiña de fume no verdadeiro debate político que se ten que dar, sobretodo, ademais, cando algunhas opinións poden ser utilizadas en fins cos que eu non comulgo.

Partindo de que a FPG é unha organización pequena, o que non implica valoracións de calidade, quero lembrar que Mariano Abalo sinalaba hai escasos meses neste mesmo periódico a posibilidade de formar parte do BNG se se daban certas condicións. Mantén vostede esa opinión?

'AS RAZÓNS QUE TIÑAMOS PARA LOITAR NON DIMINUIRON, SENÓN QUE SE ACRECENTARON'

Neste pais está a darse unha situación que require saltos de calidade e iso pasa pola articulación dunha frente de esquerdas real, sen exclusións. Por moi pequena que sexa a pata que lle falta a mesa, sen ela a mesa coxea. Creo que iso é necesário no proxecto, tanto no que respeita á actividade social, como eleitoral, etc. Aí debemos estar todos os que temos en común un ideário de autodeterminación e de esquerdas, desde os independentistas até os que non se definen así. A frente que non teña isto en conta, por sectarismo ou perxuícios, máis tarde ou máis cedo será un fracaso. Eu extendo tamén esta iniciativa a centos de persoas que hoxe non militan, pero que, con seguridade, terian interés nun proxecto así.

Como nacionalista, ve o futuro con optimismo ou con pesimismo?

Desde a óptica da esquerda é obvio que vivimos momentos difíceis. A esquerda necesita un debate que a reafirme en presupostos de loita. Desde o ponto de vista do nacionalismo comprobouse que moitas das nosas espectativas eran certas. En todo caso creo que hai que adaptar o que sexa necesário á realidade, pero sen renúncias. As razóns que tiñamos para loitar non disminuiron, senón que se acrecentaron.

Cando eu falo de nacionalismo, vostede refírese, en moitos casos, á esquerda. Quere dicer que identifica ambos termos ou ben é que pon o acento nalgun deles?

O proceso que salve a este pais necesariamente ha ser nacionalista e de esquerdas. Dentro diso hai unha ampla gama de concepcións: socialistas, leninistas, etc. O proxecto deberá ser plural, pero respetando esas premisas comúns.

Que autocrítica política faria?

Non son partidário de curtarlle a cabeza a ninguén. Pero no proceso do nacionalismo, dos setenta á actualidade, existen distintos níveis de responsabilidades. As reflexións xeralizadas que se están a facer hoxe incluen esta autocrítica. Creo que un dos grandes problemas, en vias de superación, é o do sectarismo, a prepoténcia á hora de aplicar a dinámica de maiorias sobre minorias. Iso fixo moito dano. Unha maioria debe ser cuidadosa para non asfixiar a ninguén, porque o tempo é o encarregado de devolver a bofetada. Unha vitória eleitoral nun momento dado pode ser reconfortante para unha persoa ou para un grupo, pero hai que pensar tamén se para os intereses da nación vai supoñer unha solución duradeira. ♦

O MELLOR DOS MUNDOS

"Vivimos no mellor dos mundos posibeis"

Felipe González

Polónia recupera o equilíbrio terminolóxico. A esquerda volta a ser denominada esquerda e a dereita de novo é a dereita, obviedades que se perderan na confusión dos últimos tempos. O mundo semella pousado sobre un gran tente-teso.

Garcia-Sabell saiu a anunciar un dicionário e aos cidadáns increméntasenos a confusión entre o público e o privado, entre a presidéncia da Real Académia Galega e a Delegación do governo central en Galiza, entre os rangos honoríficos e os intereses crematísticos. Ben pensado este home quedaria moi próprio anunciando flans de sobre.

É unha ledícia que a portavoz da delegación palestina na Conferéncia de Madrid sexa Hanan Ashravi, unha **muller**. Os palestinos son árabes laicos, coa elegáncia e dignidade que lles descubriu Jean Genet cando visitou Sabra e Chatila despois da matanza.

Veo, venda e cegueira é a dos xornalistas que entrevistan aos locutores, *ouh, ceos!*, da CNN. Convértenos en protagonistas, en suxeitos da notícia, polo mero feito de que traballan para a cadea de televisión norteamericana, á cal, por certo, se lle descobriron várias chafalladas despois da guerra do Golfo. Os xornalistas de aquí militan de super-aldeanos e nen sequer se poñen rúbios.

O director de *Faro de Vigo*, Ceferino de Blas, declaraba a semana pasada, nunha conferéncia impartida no Círculo Mercantil de Vigo que "o que non publica o *Faro* non existe". Esa mesma semana cambiaron os horários de voo en todos os aeroportos de Galiza, incluido o de Vigo, tal e como anunciou toda a prensa, menos o *Faro*. Alguén que chegou ao aeroporto á hora anunciada polo xornal do señor de Blas comprobou que o avión a Bilbao efectivamente non existia: saira sete horas antes. ♦

CÁMBIOS DE CAPITALIDADE

A Casa Consistorial de Castro de Carballedo xa ardeu en tres ocasións nos últimos 35 anos

Castro-A Barrela, un conflito Norte-Sul

■ B. LAXE

O 28 de Outubro os viciños de Castro de Carballedo prendian lume ás dependéncias consistoriais situadas na Barrela, despois de producirse un violento enfrentamento no salón de plenos. Era a terceira vez que ardia a Casa Consistorial, pois, con anterioridade, xa queimaran o edifício de Castro hai trinta anos e as dependéncias de A Barrela hai dez, nun conflito que ten todas as características do enfrentamento dun *Norte* rico, cun *Sul* que vai a menos.

Eles fanas e o demo xúntaas, asi resumia unha muller de Castro o que pasou o 28 de Outubro en A Barrela. *Extrañas* coincidéncias foron as que propiciaron os enfrentamentos entre viciños de Castro e concelleiros, que se saldou con numerosos contusionados, oito detidos e as dependéncias municipais queimadas: despois de 20 meses sen un pleno ordinário o axuntamento de Carballedo, con maioria do PP, celebraba sesión o mesmo dia que na Deputación de Lugo se debatia unha moción da *dereita* para aprobar o cámbio de capitalidade de Castro á Barrela.

Case un cento de viciños de Castro desplazaránse a Lugo ese luns para asistir á sesión da Deputación na que se ia debater o cámbio de titularidade da capital municipal. No Pazo da Deputación xa se produciran incidentes e os viciños foron desaloxados. Despois de agardar ás portas a decisión dos deputados, que, cos únicos votos do PP, dáballe á Barrela a capitalidade, colleron os autobuses e dirixíronse á Barrela.

A Garda Civil tomou Castro en Decembro de 1981, para poder trasladar á farmácia á Barrela, perto de donde estan situadas as oficinas do concello que foron queimadas o pasado día 28.

Cando ali chegaron, perto das oito da tarde, estábase celebrando o pleno do Concello. Os viciños comezaron a subir as escadas irados e, non se sabe como (o primeiro enfrentamento foi entre un ordenanza municipal e un viciño de Castro, que se acusan mútuamente de agresión), comezou a trifulca.

Despachábanse lazabadas, lanzábanse moquetes, repartíanse cachetes, voaban as sillas e algunha rompia nas costas, estalaban botellas, mesmo na cachola do voceiro socialista Orestes Suáres, armándose "a de Dios é Cristo" en palabras dun viciño.

Desaloxadas as dependéncias desta casa particular que antes fora Cámara Agrária, comezaba a sair fume e, despois das nove da noite, producíase un incéndio que arrasaba o local, ainda que non lle afectaba ao edifício en si.

Tres incéndios en 35 anos

"O 29 feira en Castro", din os almanaques e sábeno os viciños da comarca. E, o 29 de Outubro de 1991, un dia despois dos sucesos, houbo tamén feira en Castro, como todos os meses. Unha feira *normal* se non fose polos xornalistas que andaban a deambular polo lugar e as cámaras entrando na intimidade das transacións comerciais ou do caldeiro de carne. Non existia crispación en Castro, e tampouco na Barrela. En ambos lugares parecian estar *ledos* co sucedido o dia anterior: os primeiros fixeron *o que tiñamos que facer* segundo un dos participantes na refrega, os da Barrela ven como dan un paso adiante na sua aspiración capitalina. O único que parecia preocupar era a sorte dos detidos.

Porque o incéndio... "O incéndio, bah, non ten importáncia", decia unha muller de Castro. E asi, relataba como despois de que en 1954 o alcalde, Juan González, realizase o traslado das dependéncias municipais para Castro, ardia a Casa Consistorial de Castro "sen dúbida para que non pudesen voltar as oficinas para aqui".

Hai dez anos tamén ardian as dependéncias na Barrela. Os de Castro din saber quen foron os causantes e, afirman, que a intención foi "destruir a documentación que nos daba a razón na nosa demanda; os legaxos históricos". Aquel incéndio foi un incéndio *controlado*, queimando os papeis e salvándose todo o que habia de valor, como as máquinas de escribir e a fotocopiadora.

Zona rica, zona pobre

Se o observador desprazado a Castro se adentrase na feira ou coñecese Castro desde hai tempo, comprobaria facilmente que a feira non era *normal*. "Esta xa non é feira nen é nada", seria o comentário de calquer parroquiano. Certo, a feira de Castro, a millor da comarca en en ovellas e cabalerias, está a morrer e só queda unha pouca quincalla e algunha cabeza de gando *despistada*.

A decadéncia da feira vai parella á própria decadéncia do lugar de Castro e, nesta situación a culpa, para os viciños, téñena "os caciques de sempre". Ninguen quer por nomes, pero, as insinuacións van dirixidas a Xosé Luis Taboada, coñecido como *O Señor de Cartelos*, que ocupou, entre outros moitos cárregos o de Director Xeral de Seguridades. El ten o Pazo do Norte e sempre mangoneou o município ao seu antollo, poñendo e sacando alcaldes. Uns polos favores recibidos e outros polo medo, ninguén se lle enfrentou até de agora.

Froito da mellor comunicación de A Barrela e a sua sombra foi medrando este lugar, que nen sequer é cabeza de parróquia, e trasladándose a el diversos servícios que tiña Castro ou facendo outros novos: cuartel da Garda Civil, Camara Agrária, grupo escolar, campo de fútbol, piscisnas etc.

En Decembro de 1981 trasladaron a Farmácia producíndose en Castro unha verdadeira batalla campal entre a Garda Civil e os viciños. Desde entón as cousas estaban máis ou menos en calma, os do Norte apoiando ao PP nos comícios municipais e o do Sul ao PSOE.

Agora a teimosia do alcalde "de non ter xa todo o que conforma a capital, senón en querer ter tamén o nome", desatou, segundo os observadores máis desapaixoados, a revolta. Atrás quedan os pleitos e as senténcias nunca cumplidas de que o concello debia voltar a Castro. Quedan tamén frases como a do Presidente do Coléxio Farmacéutico de Lugo acedendo ao traslado da farmácia aducindo que "Castro estaba acabado". Este "desprécio por Castro" é, sobre todo, o que alporiza aos viciños dunha zona, a da ribeira, que cada dia está máis empobrecida, mentres que as parróquias do Norde, foron prosperando, con lugares como Villaguillulfe que teñen unha das rendas *per cápita* maiores de Galiza, sobrepasando moitos viciños as 40 vacas. "O que pretende o PP agora é humillarnos", dicia un viciña de Castro, con idéntica frase que cando en 1981 se produciu o traslado da farmácia. Só que daquelas era o UCD, pero os actores principais, os mesmos. ♦

CONFLITOS NOS CONCELLOS

O 2 de Decembro serán xulgados 14 alaricanos

Os viciños de Allariz consideran que o seu delito é ter acabado co caciquismo

■ F. XABIER FERNÁNDEZ MATEO

O vindeiro día dous de Decembro serán xulados de novo 14 viciños de Allariz polos feitos ocorridos na ocupación da Casa do Concello no ano 1.989, acusado polo fiscal Xefe da Audiéncia Provincial de Ourense García Malvar, de sendos delictos de atentado e coaccións. Os viciños anunciaron xa as mobilizacións que culminarán cunha folga xeral o día 29 de Novembro en todo o Município.

Máis de 500 persoas asistiron á asemblea viciñal celebrada o pasado dia 24. a Asemblea pronunciouse unanimemente pola Folga Xeral para o dia 29 de Novembro. Ese mesmo dia farán unha concentración na vila de Allariz, para logo dirixirse cara a capital de Ourense onde realizarán unha manifestación na que solicitarán o apio de todos os demócratas da provincia. A multitude agolpada no amplo salón de sesións da Casa do Concello e o resto da xente polas escaleiras, agardaba espectante a intervención do alcalde Anxo Quintana.

"Daquela nos acusaban, despois de facer unha argumentación, do delito de sedición e pedindo para algun até 35 anos de cadea, declara o actual alcalde. Como a Audiéncia Provincial desestimou esas acusacións, agora coas mesmas argumentacións, cos mesmos feitos, acúsannos doutros delitos esperando que neste caso teña mellor sorte perante o mesmo xurado. Nós consideramos, afirma tamén Quintana, que se o fiscal pensaba que tiñamos cometido estes delitos no ano 89, tivo tempo de dicilo antes e acusarnos diso entón. Mais se non o dixo, foi porque primeiro quiso ver se podia matar co ás, e como agor aco ás non lle saiu, vai ver se lle mata ben coa brisca".

"Nesta situación, indica por outra parte o presidente da corporación, eleito por maioria absoluta nós pensamos que ao povo de Allariz non lle queda máis remedio que facer o que sempre fixo, e que por outra banda foi o único que lle resultou ben nesta loita, que é moverse solidariamente para intentar solucionar as cousas dunha vez por todas".

"A maior inxustiza, continua, é precisamente que se sinale co dedo na acusación a quince viciños, cando houbo oitocentas sinaturas que autoproclamaron a sua culpabilidade nos feitos políticos de Allariz".

Solidariedade de todos os demócratas

Por último o alcalde do BNG afirma que "o que se quer xulgar en Ourense non é ese o delito suposto. O delito que quer xulgar é o que considera el que nós cometémos, que cometeu o povo de Allariz é o de *acabar co caciquismo!* Mais non cometémos nengun delito penado xudicialmente. Non poden dicer o mesmo os que nese intre estaban no outro lado da barreira. Porque aqueles si que cometeron delitos tipificados no código penal, alterando tamén a Lei de Bases de Réxime Local. Temos que lembrar que se o povo se levantou foi porque se negaron as outras canles de discusión, porque se conculcou a vontade do povo, porque non se convocaban plenos ainda que estaban obrigados a facelo, porque se impedia exercitar democraticamente aos concelleiros as suas funcións. Aí están as acusacións que se lles fixeron aos da outra parte, denunciados pola Dirección Xeral de Xustiza, a consellaria da Presidéncia e do Governo civil; á parte das acusacións particulares dos viciños de Allariz. mais desas acusacións nada se sabe. Non teñen présa. Por iso consideramos que debe haber un estado de opinión en toda a província, no que demostremos que o povo segue unido e que non estamos dispostos a perder o que tanto esforzo nos custou conseguir. Porque a estas alturas todo o mundo sabe que o de Allariz non só estivo ben feito senón que foi un bo exemplo. E hai moitos viciños noutros Concellos que cando queren loitar contra o caciquismo, sempre se acordan de Allariz. E sempre din: Faremos como os de Allariz! E teremos que solicitar agora o apoio de todos os demócratas da província para que o ámbito xudicial se dé conta de que este foi un conflito político, e que se resolveu en termos políticos". ♦

O P I Ñ E I R O I N S I G N I S

É O MOMENTO DE PLANTA-LO FUTURO

O piñeiro insignis (científicamente Pino Radiata) é unha árbore xa habitual en Galicia, especialmente nas zonas húmidas e frescas da Coruña e Lugo.

É orixinario da costa oeste dos Estados Unidos e en España utilizouse principalmente na zona norte. Noutros países onde tamén se usou, como Nova Zelanda, conseguiuse un gran perfeccionamento xenético con resultados espectaculares. A partir do ano 2010, en Nova Zelanda espérase unha media de producción de madeira de 25 m^3 por Ha. e ano, con quendas de corta non superiores ós 30 anos.

A súa madeira é parecida á do piñeiro do país pero máis branda e fácil de traballar, e sobre todo máis permeable ós tratamentos químicos de conservación, o que permite máis cantidade de aplicacións: construcción de vivendas, grandes estructuras de madeira laminada, pontes, peiraos de madeira, etc., ademais das habituais de madeira serrada ou triturada.

O piñeiro insignis dáse ben nos solos profundos con boa drenaxe. Soporta mellor o frío e as xeadas cás altas temperaturas, a seca e os ventos fortes, polo que é unha árbore perfecta para moitas zonas de Galicia.

É bastante esixente en canto á fertilidade do solo, acusando rápidamente as deficiencias, especialmente de potasio e fósforo. Pola contra, se está en bo sitio as pragas non son un problema importante.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA
GANDERÍA E MONTES

CÁMBIOS NA ESQUERDA

Os dous históricos partidos debaten ainda o futuro programa

MCG e LCR únense para criar unha nova formación

■ MANUEL VEIGA

O 2 e 3 de Novembro terá lugar en Madrid o congreso de unidade de duas forzas xa históricas no panorama da esquerda radical, o MC e a LCR. Posteriormente, o dia 17, en Santiago, celebrarase o acto de unificación das duas formacións, a nível galego.

XAN CARBALLA

Cada unha das duas organizacións completa xa as duas décadas longas de vida. Ambas tiveron a sua orixe ideolóxica na tradición comunista, pero identificáronse desde un princípio coas correntes máis heterodoxas deste movimento, caracterizadas, entre outros elementos, polas suas abertas críticas ao modelo soviético. Sen embargo, as suas heterodoxias eran distintas, a LCR como forza troskista, inserida na IV Internacional, e o MC, como forza maoista, o que deu lugar a non poucas polémicas entre ambas.

Na última década, coa perda de relevo destas liñas doctrinais, tivo lugar unha aproximación entre as duas organizacións que comezaron a identificarse co apelativo común de *esquerda revolucionária*.

A sua actividade principal neste periodo estivo dentro de vários movimentos sociais: pacifismo, antimilitarismo, feminismo... e mesmo como *corrente sindical de esquerdas* en centrais obreiras como CCOO.

Este dinamismo, que os fixo protagonistas entre alguns sectores sociais, nomeadamente xovenes, así como en determinadas protestas, das que quizá a máis relevante foi a campaña anti-OTAN, non acadou dimensións suficientes como para que nengunha das duas forzas, nen as duas en conxunto, puidesen participar con posibilidades no terreo eleitoral. Froito desta limitación veu o seu apoio en vários comícios a HB, no caso basco, e ao BNG, en Galiza.

Xesús Vega, lider histórico do MCG, valora a aportación do seu partido sinalando que "contribuimos a ampliar o campo de preocupacións da esquerda social", ao tempo que "realizamos unha crítica constante das ideas dominantes na sociedade, difundindo valores alternativos".

Esquerda alternativa

MCG e LCR, a nível galego, seguirán formando parte da estrutura estatal que surxa da fusión, pero ostentarán nomes diferenciados. Esa é unhas das premisas no proceso de eleicións das novas siglas que actualmente se realiza entre as bases.

Para a forza estatal resultante barállase o nome de *Izquierda alternativa*, mentres que para a organización a nível galego existen várias opcións, entre elas as de *Revolta* e *Emancipazón*.

Ao longo do próximo ano terá lugar a discusión do programa e das bases ideolóxicas da nova formación, ainda que xa se aventura a posíbel coexisténcia de visións teóricas distintas. Quérese asumir así a realidade de duas tradicións unidas por unha prática coincidente nos últimos anos.

Tamaño e ideoloxia

Non se oculta aos militantes da nova formación que a febleza organizativa é un factor que xogou a prol da fusión, "pero non é o único, nen o definitivo, porque por esa mesma razón teriamonos fusionado xa hai vários anos", sinala Xesús Vega.

Tamén os sucesos do Leste están a deixar a sua pegada en ambas forzas. "Alguén poderia pensar, sinala o economista e portavoz do MCG, que por non ter sido *prosoviéticos* esta debacle non nos tiña por que afectar. Pero o certo é que estes feitos supoñen tamén para nós un problema moi sério, polo desprestíxio de certos valores que trae consigo, mentres ascenden outros como son os do capitalismo salvaxe".

Froito en parte desta situación a nova forza evitará na sua sigla o termo *comunista*. "Cremos, di Xesús Vega, que este é un termo inabilitado, por ter estado asociado a reximes cos que nós ademais non concordábamos. Utilizalo agora non daria lugar máis que a novos equívocos, se ben non renunciamos a seguir usando este termo para referirnos aos ideais que representa". ♦

UNIVERSIDADE

A faculdade de Xornalismo comeza coa vitalidade da polémica

■ M.VEIGA

Mesmo antes da sua sesión inaugural a Faculdade de Xornalismo que comeza a sua xeira en Santiago ven a demostrar que a información é un feito social sometido ás correntes do seu próprio entorno.

O escritor, Vázquez Montalbán, célebre polo sua persoaxe do *inspector Carvalho*, pero tamén por un seu libro, redactado na cadea hai máis de duas décadas, *Informe sobre a información*, sinalou na sesión de apertura que a "obxectividade era un mito, mito inalcanzábel e condicionado polos próprietários dos médios, suxeitos activos do que se pode dicer e do que se di".

A polémica suscitouse a partir dunha demanda de CCOO sobre unha praza de profesor de Redación Periodística na mencionada faculdade. O afectado, Gustavo Luca de Tena, era acusado de incurrir nunha irregularidade administrativa ao cambiar a solicitude inicial dunha praza para outra, entre as duas existentes para a citada asignatura.

Segundo o rectorado tal irregularidade non existiu por tratarse dun cámbio realizado no prazo regulamentado ao efecto, tratándose dunha prática habitual en toda cobertura de prazas. A maior abondamento todos os demais concursantes optaban simultaneamente ás duas prazas en cuestión, o que tamén estaba contemplado polo regulamento.

A demanda acadou de todos modos un amplo eco nalguns médios de comunicación e poucos dias despois o próprio rectorado rectificaba a concesión da praza, ainda sen explicar os motivos que moveron ao cámbio. Finalmente seria outro profisional, Francisco Campos, o que ocuparia o posto, quedando Luca de Tena, pésie a ter sido clasificado primeiro no baremo, fóra da concesión.

Con todo a polémica pronto mostraria graus superiores aos administrativos. En repetidos artigos de prensa várias empresas xornalísticas (*LaVoz de Galicia* e *El Correo Gallego*, entre outras) manifestarian a sua disconformidade coa totalidade do planteamento da faculdade, centrándose nas críticas ao programa de estudos e ao profesorado eleito, que foi calificado de "nacionalista".

Dadas as diferéncias de ideário entre a equipa rectoral compostelana, encabezada por Ramón Villares, e os proprietários dalguns dos médios xornalísticos -empresas de carácter familiar e ideoloxia conservadora- non seria extrano que esta polémica dera lugar a novos episódios. ♦

CONFLITOS LABORAIS NO NORTE

Alúmina impediu o aceso á fábrica aos folguistas das empresas auxiliares

■ HERNÁN NAVAL / VIVEIRO

O pasado 23 de Outubro, a totalidade dos traballadores das empresas auxiliares de Alúmina-Alumínio en San Cibrán (A Mariña) declaráronse en folga nunha xornada perante o bloqueo das negociacións colectivas. Grupos de operários e, nomeadamente, integrantes dos comités de empresa de COTELSA, REYMOGASA e CYRGASA foron privados do libre aceso ao complexo pola Dirección deste, cando pretendian comprobar se os seus postos de traballo estaban a ser cobertos por outras empresas; mesmo foilles impedida a entrada nos comedores de Alúmina-alumínio, feito insólito en relación con conflitos semellantes precedentes.

O Comité de Folga, nun comunicado público que, pésie á gravidade da denúncia, obtivo escaso eco nos diários ordinários, estima que a atitude de Alúmina-Alumínio constitue "un atentado aos direitos sindicais dos traballadores e mesmo unha ilegalidade". Néstor Varela, secretário de zona da INTG e membro dun dos comités de empresa das auxiliares, intue nos feitos "ensaio dunha regulación de emprego por parte da empresa", que se emarcaria na reconversión industrial que está a afectar de novo a todo o Norte peninsular; asi, segundo Varela, a manobra empresarial "poderia tratarse dun peche patronal encoberto".

As auxiliares de A.-A. citadas engloban un cadro xeral duns 250 traballadores. A CIG obtivo nas eleicións sindicais nas distintas pequenas empresas un total de 14 delegados, frente a 3 de CC.OO. Os representantes sindicais iniciaron as negociacións coa empresa no pasado mes de Abril; estas foron axiña rotas e máis logo re-iniciadas o pasado 15 de Setembro. Neste intre a parte empresarial oferta un 6,25% de aumento salarial, lonxe das reivindicacións dos sindicatos, aos que lles ignora as suas demandas en matéria de melloras sociais. ♦

A ECONOMÍA SOCIAL, UNHA ALTERNATIVA

ADOLFO FRAGA

A Economía Social, recente conceito económico que engloba todas aquelas formas de produción na metade de camiño entre capitalismo e socialización, como poden ser as cooperativas, que conforman o principal e máis numeroso grupo de empresas, é centro de moitas reivindicacións sindicais nas negociacións coas distintas administracións.

A tendéncia dos sindicatos, que albiscan neste novo corpo económico unha alternativa á inxustiza doutras formas de produción, é a calificar de nula a intencionalidade do Governo galego para planificar unha política económica específica para este tipo de empresas. Os prexuízos derivados dunha práctica económica neoliberal, levan ao terreo da marxinalidade a este tipo de produción, esquecendo que tamén é un factor de desenvolvimento económico para o país.

A Economia Social basease en dous tipos de empresas: as Cooperativas e as Sociedades Anónimas Laborais. Ambas as duas teñen experimentado un importante auxe debido á crise económica, en especial o cooperativismo, que leva a moitos traballadores a pasar de autónomos a cooperativistas, a tentar reboiar empresas, cu sinxelamente garantirse un posto de traballo.

En 1966 a Conferéncia da Organización Internacional do Traballo (OIT), aproba a Recomendación 127, das cooperativas no progreso económico e social dos países en vías de desenvolvimento, na cal son definidas como "asociacións de persoas que se agrupan voluntariamente para conseguir un obxectivo comun mediante a formación dunha empresa democraticamente controlada, que aportan unha cuota equitativa do capital que se require e aceitan unha xusta parte dos riscos e beneficios, e no seu funcionamento os sócios participarán activamente".

De ser unha organización empresarial espontánea, a cooperativa pasa a ter unha lexislación própria, e empeza a pesar na elaboración de calquer planificación económica e social, xa que as axudas, isencións fiscais e subvencións, cada vez son máis importantes nos presupostos dalguns paises.

AS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO E AS SOCIEDADES ANÓNIMAS LABORAIS SERVIRON ATÉ O MOMENTO COMO CATALIZADOR DE EMPRESAS EN CRISE ACTUANDO COMO PROLONGADORES DE VIDA DAS MESMAS

O Movimento Cooperativista está diferenciado das empresas mercantis. A Cooperativa é unha sociedade onde os sócios non poden ser discriminados por calquer tipo de razón (sexo, idioma, raza, ideoloxia...), polo tanto constituen sociedades mercantis abertas, a diferéncia das sociedades anónimas ou limitadas. Outra das características salientábeis é o seu caracter intrisecamente democrático, á contra as sociedades anónimas ou limitadas posuen unha estruturación máis dura, contrária a todo tipo de flexibilidade. Ademais teñen as características de interese limitado, fondos adicados á educación nas técnicas de cooperación... Estes e outros conforman os denominados Princípios Cooperativos, adoptados pola Alianza Cooperativa Internacional (ACI), no seu XXIII Congreso, e subscritos á súa vez pola OIT.

Apesar do devandito, a ética cooperativista vese bastante diluida no mero mercantilismo, constituindo asi as cooperativas unha espécie de solución "in extremis" para as sociedades anónimas e limitadas en crise, e tamén adicadas a actividades económicas sumerxidas (caso de boa parte do sector textil galego).

Galiza, ademais de posuir Cooperativas Téxteis, tamén as ten no secto da agro-indústria no cooperativismo vitivinícola, tendo algunhas delas a distribución en exclusiva de viños con denominación de orixe; son moi importantes as Cooperativas do Ribeiro, do Condado, O Barco, Ourense, etc. Delas cabe resaltar a necesidade que toparon os produtores de viño, con pequenas extensións de cepas, para agruparse co obxectivo de abaratar custes, e dese xeito competir.

Tanto na indústria como na pesca, Galiza conta cunha tradición cooperativista. Na indústria o sector textil, bastante estendido no país, posue inumerábeis cooperativas pertencentes á denominada economia sumerxida. A multinacional galega "Zara" ten as suas orixes neste tipo de cooperativismo. Outros sectores económicos teñen moi pouco desenvolta a sua faciana cooperativista, como son as cooperativas de vivenda, en moitos casos, os máis coñecidos, fraudulentas, ou cooperativas de consumo que comezan a existir nas cidades.

A reconversión económica iniciada pola maioria dos governos do mundo (en especial os de EEUU e Europa Ocidental), provocou desemprego masivo. Para contrarrestar a inestabilidade social que provocaria este volume de desemprego, optouse por ceder activos a custe cero aos traballadores, pretendendo deste xeito estabilizar o sistema. Da argúcia estabilizadora pasouse a un estádio onde é normal que o traballador xestione a empresa, dentro do modo de produción capitalista, isto sumado cun sector público de gran dimensión, provoca novas contradicións nun sistema de libre mercado?

Desde que Marx afirmara que "o cooperativismo é unha sémola do futuro socialista no páramo imenso do capitalismo", moito ten evolucionado a denominada Economia Social. As Cooperativas de Traballo Asociado e as Sociedades Anónimas Laborais, como corpo fundamental da Economía Social, serviron até o momento como catalizador de empresas en crise actuando como prolongadores de vida das mesmas, e tamén centraban as suas actividades, en gran medida, no terreo da economia sumerxida ou marxinal.

A indefinición política das Administracións en matéria de Economia Social, lembremos que a Xunta de Galiza ten competéncias no caso das Sociedades Cooperativas, tense manifestado nunha sucesión de subvencións (sendo a metade das cuantias procedentes do Fondo Social Europeu), carecendo dunha política específica de fomento da Economia Social, como fórmula eficaz para a criación de emprego estábel e en condicións dignas de traballo.

A necesidade que ten o país de dotarse dunha política en matéria de Economia social axeitada, englobaba dentro dun cámbio global na política económica, ten que levar ao Governo galego á criación dun Instituto Galego de Economia Social, promotor de todas as fórmulas de Economia Social na Galiza.

Este Instituto de fomento de diversas formas de Economia Social debe reunir funcións de tipo técnico, principalmente como asesor destas empresas; política de subvencións e control, centrada nunha discriminación positiva aos proxectos de Economia Social en relación cos créditos obtidos polas PEMES.

Dentro das funcións deste Instituto Galego de Economia Social tamén estaría dotar de infraestrutura os proxectos existentes en colaboración cos concellos. Solo industrial e construción de naves, seria un bon comezo para iniciar o desenvolvimento da Economia social na Galiza. Un bon comezo, se o situamos acompañado doutros elementos fundamentais como son a habilitación duns presupostos en matéria de Economia Social axeitados á realidade, en outras medidas como poden ser a participación de SODIGA en empresas de E.S., ou a integración no Instituto dos Axentes de Desenvolvimento Local.

No que respeita ás Sociedades Anónimas Laborais, debido principalmente á intervención da patronal, amosáronse totalmente ineficaces, e empresas ruinosas na sua maior parte.

O sindicalismo nacionalista, xunto con CCOO e UGT, ten asinado coa Xunta de Galiza acordos en matéria de Economia Social. Estes e outros pulos a esta alternativa económica para a Galiza póden asentar as bases dun importante motor económico para o país, ainda que falta vontade política para encaralo por parte do Governo galego, os partidos políticos nacionalistas tiñan que facerse cun corpo de medidas para levar adiante no parlamento galego unha Alternativa de Economia Social para Galiza, que de seguro contaría co apoio indiscutíbel dos sindicatos. ♦

DELMI ÁLVAREZ

Unha das folgas xerais que se levaron a cabo en Vigo en contra da crise da comarca.

CC.OO e UGT pendentes do que decidan en Madrid

A CIG pretende convocar unha folga xeral

■ A.E.

Ante a grave situación de deterioro socio-económico a Converxéncia Intersindical Galega (CIG) fixo pública a sua decisión de convocar unha folga xeral "canto antes millor". Esta decisión estaba sendo demandada tamén polo sector agrário, pronunciando xa a prol da convocatória o Sindicato Labrego Galego. As Xuventudes Socialistas, tamén decidiron apoiar esta convocatória. Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores na Galiza afirman que é necesário estudar detidamente a situación, estando pendentes das reunións que celebran nestes dias as suas direcións estatais.

Despois do éxito da folga xeral celebrada en Astúrias o 23 de Outubro os líderes de CC.OO e UGT declararon a sua intención de lanzar unha folga xeral en toda a cornisa cantábrica pois está afectada pola mesma situación que o Principado. A proposta tivo boa acollida tanto en Euskadi como na Galiza.

O 28 reuníanse en Compostela os secretários xerais da CXTG, INTG, CCOO e UGT para analisar a situación de deterioro socio-económico crecente que sofre Galiza. Despois desta reunión os representantes da CIG, Fernando Acuña e Manuel Mera, deron a coñecer a sua intención de convocar unha folga xeral "canto antes millor" ante a situación de "crise xeralizada" que, segundo Acuña concrétase "en empresas industriais básicas e en sectores inteiros como o agro e o pesqueiro", no que calificou como "unha reconversión sen fin".

Na manifestación labrega celebrada o 19 de Outubro, un dos portavoces do Sindicato Labrego Galego, Emílio López, xa fixera un chamamento á folga xeral, medida que desde o agro se está a demandar desde hai tempo. Pola sua banda as Xuventudes Socialistas, decidiron apoiar a proposta da CIG por estimala "moi oportuna".

UGT e CC.OO, pendentes de Madrid

Pola sua banda tanto UGT como CC.OO non descartaron a folga despois da conversa mantida cos sindicatos nacionalistas, contemplando a medida como "hipótese de traballo", ainda que afirmaron conincidir cos nacionalistas na análises da situación.

Comisións e UGT están a realizar nestes dias conversas a nível estatal e da Cornisa Cantábrica para analisar o plan de acción. O próximo 11 de Novembro voltaranse a reunir os catro sindicatos da Galiza para seguir a discutir a posibilidade de folga xeral.

António Gutiérrez, Secretário Xeral de CCOO declarou que se inclinan pola convocatória de folgas sectoriais e non xerais. Para CCOO o importante é o estabelecimento dunha mesa global de negociación co Governo central na que se trataria de maneira xeral a situación das empresas a reestruturar en todo o estado.

Segundo Manuel Mera a posición da CIG e que "calquer negociación en Madrid ten que contar con representación galega. Nós reivindicamos unha plataforma própria para Galiza, ainda que non temos problema en ensamblala noutra máis ampla e, mesmo, sobardar os límites do Estado".

Asi na reunión celebrada en Compostela polos catro sindicatos falouse tamén de extender a folga xeral ao Norte de Portugal no que significaria "frente a política da CEE, e ao favorecemento do eixo mediterráneo fronte ao atlántico".

Desde certos sectores obreiros da Galiza témese que as ameazas dos lideres de UGT e CC.OO. despois da folga asturiana só serian unha arroutada tendente a conseguir unha maior presión, dado o peso que ambos sindicatos teñen no Principado, pero que o que tenten é realizar unha negociación en Madrid donde, como xa sucedeu noutras ocasións, Galiza salla perxudicada ao non ter peso político nen deixala aceder á negociación sindical.

Ainda asi, desde a CIG, consideran que vai continuar a unidade de acción cos sindicatos estatais, xa que estes teñen que ser conscientes da situación pola que atravesa o país "sen facer deixación da sua responsabilidade para coas seus afiliados e o povo en xeral". ♦

CONFERÉNCIA DE MADRID SOBRE ORIENTE MÉDIO

Israel ten que escoller entre os territórios e a financiación norte-americana

O triunfo do pragmatismo nas relacións entre árabes e israelitas

■ FERNANDO CARBALLA

Comezaron onte as sesións da Conferéncia de Madrid. O temor dalguns observadores, máis cortina de fume mediática que sospeita real, a que os israelitas levantasen o campo por non cruzar palabra cos representantes palestinos resultou infundado. Entre discursos optimistas e bons desexos,a diplomácia está a xogar as suas bazas, por primeira vez en máis de cuarenta anos.

Os estados árabes van recoñecer a Israel e —a máis ou menos longo prazo— este consentirá a existéncia dun estado palestino.

Decididos tras a Guerra do golfo a recuperar a iniciativa diplomática que durante anos tiñan arrumbado en benefício das estratéxias militares, privilexiando portanto as prioridades xeo-estratéxicas, o Departamento de estado norte-americano puxo toda a carne no asador na preparación da repetidas veces reclamada conferéncia de paz multilateral para resolver o conflito eterno —no horizonte dunha vida humana— de Palestina.

Como puña de manifesto o ministro francés Michel Jobert nestas mesmas páxinas hai uns meses, habia un prazo moi curto, un ano escaso, para lle dar saída a unha situación que o durísimo castigo imposto a Iraq pola comunidade internacional estaba deixando nun estatismo moi perigoso. O cámbio impúñase, era preciso convocar unha reunión plenária de todos os actores do *imbroglio* da Ásia menor e porse a discutir unha saída negociada a 43 anos de sangre, sudor e bágoas. Os maiores perxudicados, os cidadáns palestinos, cederon, nesta dirección, todo o que unha non bastante ponderada flexibilidade táctica os levou, desde 1987, a renunciar *de facto* á loita armada contra o ocupante, logo á mobilización popular pacífica —con centenares de mortos a balazos polos soldados israelitas—, despois ao recoñecimento formal do estado de Israel, até acabar forzando, perder para gañar!, a Isaac Shamir a se sentar ante os procuradores de Arafat e da OLP.

Israel contra as cordas

Territórios a cámbio de paz é a consigna periodística, o titular dos editoriais de todos os xornais de Ocidente; en Europa e nos Estados Unidos, os criadores de opinión utilizan a palabra de orde que os palestinos e os seus aliados ergueron como bandeira. Benvida sexa, mellor tarde que nunca.

Este compromiso contradi sobretodo a doutrina do "Gran Israel", a do belicoso Menahem Begin. Na triloxia xudaica terra-povo-Bíblia, o Likud sempre privilexiou o território, fiel a unha conceición exaltada e maximalista do sionismo. Utiliza coma un axioma a primacia dos direitos eternos do povo xudeu, do Mediterráneo ao Xordán. Aos direitos parciais e concretos a viveren na mesma terra que israelitas e palestinos receberon da sua história comun, a direita israelita opón un direito total —e imaxinário— en benefício dun só dos dous povos.

Desenvolveron asi unha *estratéxia da perennidade*, na que a partir de calquer referéncia bíblica, o ocupante cerca as localidades xudeas, isola as aldeas árabes, fragmenta a sociedade palestina, controla os recursos acuíferos, estende o seu manto sobre a economia local.

O problema dos asentamentos

Xa hai 150 asentamentos na Ribeira ocidental do Xordán (Cis-Xordánia), e máis de unha dúcia en Gaza. Ao poder tanto lle ten que a maioria dos colonos sexan indiferentes á ideoloxia transcendente da recuperación da terra dos antepasados ou á mistificación relixiosa do sionismo, son parellas xóvenes en busca de aire puro ou dunha segunda residéncia de fin de semana. O que conta aos ollos do poder é a aproximación ao ponto de non retorno, o feito consumado para que todo compromiso territorial cos palestinos sexa imposíbel.

A irreversibilidade desta conquista paciente e minuciosa comprometeria unha solución pacífica. Eis a razón da decisión de Bush de suspender a axuda á colonización dos territórios ocupados. A resposta de Shamir, cun toque de cinismo, de que a prosecución dos asentamentos obrigaria a árabes e palestinos a negociar rápido e en má posición, xa non valeu esta vez. É seguro que a administración norte-americana actuou aqui co acordo tácito ou explícito do *lobby* xudeu nos EEUU, e iso é o fin dunha política de ollos pechos.

A segunda e terceira fases da Conferéncia de Paz vàn durar ainda alguns anos. A clave de bóbada vanna ter a paciéncia e a capacidade de esperanza do povo palestino e o control férreo que Washington teña sobre o seu aliado. Na frase de Carter canda Camp David, para os americanos vai ser un "traballo a tempo completo".

O relevo que dicte o tempo entre a dirixéncia do Likud tamén marcará un ponto de inflexión cara o pragmatismo. Como proxecto de povoamento, o sionismo tiña dous obxectivos definidos: instalar en Israel unha maioria xudea e facer vir á maioria dos xudeus do mundo. Atinxido claramente o primeiro deles, o segundo seguirá sendo unha quimera. A integración do millón de xudeus soviéticos chegados ou esperados en Israel require todas as enerxias do país e esixe moitísimo diñeiro... americano. Se os EEUU manteñen a sua presión, a direita israelita, unha vez anovada, deberá escoller algun dia entre os territórios e os dólares do tio Sam.

De aqui alá, Shamir poderia facilitarlle a tarefa, se quer, aos seus sucesores. Sen el, as negociacións, a Conferéncia de Madrid, non puderon comezar, pero con el tampouco poderán acabar. ♦

PROCESOS AUTODETERMINISTAS

Seguiu de perto os procesos autodeterministas das nacións do Leste europeu, viaxando repetidamente aos países en cuestión e entrevistándose cos dirixentes dos novos estados e cos diversos partidos políticos. Karmelo Landa, profesor da universidade basca e eurodeputado de Herri Batasuna, considera que eses procesos inciden positivamente nas nacións do estado Español e que, cara a conferéncia de Helsinqui II seria preciso coordenarse entre os distintos movimentos de liberación nacional do Estado español. En canto á situación específica de Euskadi pensa que todo cambiará "cando quen teña que darse, se dé conta de que ETA non vai gañar, pero o Estado tampouco" e se comecen de vez as conversacións de paz, perguntándose como "Madrid é capaz de realizar unha conversa de paz palestino-israelita e non fai o mesmo con Euskadi".

Karmelo Landa

'Euskadi tamén necesita unha conferéncia de paz'



ALEX LARRETXI

■ ALFONSO EIRE

Acaba de chegar de Eslovénia e viaxou nos últimos meses frecuentemente ás nacións do Báltico. Que reflexión faria sobre estes proceos de autodeterminación que deron pe á criación de novos estados lo Leste europeu?

Si, tiven oportunidade de analisar as situacións non só cos diversos partidos destas novas repúblicas, senón tamén cos seus governos. O primeiro que hai que afirmar é que os procesos son parcialmente diferentes, pero teñen algo en comun: houbo un canle político que posibilitou o aceso á independéncia destes estados dun xeito pouco violento, fundamentalmente político e con resultados poucos dramáticos.

'OS PROCESOS DE AUTODETERMINACIÓN DO LESTE TEÑEN EN COMUN A EXISTÉNCIA DUNHA CANLE POLÍTICA QUE OS PROPICIOU'

Outro caso é o de Croácia, onde hai unha guerra aberta. Isto lévanos a que, onde non hai unha intervención dos exércitos estatais e dunha étnia maioritária que quer imporse pola forza, dase unha transición relativamente pacífica e unha formación duns estados novos sen grandes problemas para a povoación. Pero cando un estado se quer impor a unha nación, como no caso croata, danse enfrentamentos sanguiñentos e duros.

Translademos estas reflexións ao Estado español.

A reflexión importante a sacar é que no Estado español as nacións oprimidas temos que reivindicar e conseguir do estado cauces políticos para as nosas reivindicacións e, á vez, anular ese artículo dous da Constitución Española, que lle dá ao exército o deber de intervir para manter a unidade do Estado español. Isto é gravísimo pois situaríanos, nun eventual avance dos procesos de liberación nacional da Galiza, Euskadi ou Catalunya, na tesitura de Croácia con Sérbia.

O proceso no Estado español

E os procesos poden ser transladábeis ao Estado español ainda que non sexa mimeticamente?

Non só se pode, senón que se deben transladar porque teñen unha influéncia importante. Non cabe dúbida de que o movimento independentista en Euskadi está avanzando e chega a moitos máis sectores dos que chegaba hai cinco anos.

Non son palabras grolas, son feitos. Aí está a manifestación do último 12 de Outubro, que de ser o pretendido *Dia da Hispanidade* converteuseno *Dia da Pátria Basca pola Independéncia*, cunha asisténciamoito máis grande da que se podía pensar hai alguns meses.

Neste medre hai unha influéncia dun proceso interno: o aguante do movimento de liberación basco aos ataques combinados que recebeu, pero, tamén, hai unha influéncia grande de factores externos. É óbvio que se a povoación ve que a independéncia é posíbel para o Báltico, para Eslovénia... tamén pode selo para Euskadi. Por que o que vale para esas nacións non vai valer para os bascos ou os galegos?

Herri Batasuna séguese declarando en contra da OTAN e do Mercado Comun Europeu. Como poden influir estas duas estruturas nos procesos de liberación das nacións da *Europa comunitária*?

Están influindo xa negativamente. Non é só que HB estexa contra a OTAN, senón que o povo basco votou maioritariamente contra a OTAN e, pésie a iso, a sua vontade non foi respeitada.

Por outra banda a *Europa dos Doce*, que foi deseñada para facer un bloco imperialista respeito dos países do Leste e respeito doutros continentes como Africa e Latinoamérica, cun certo reparto imperialista entre os estados, está en crise hoxe.

Este é o grande momento para as nacións sen estado de Europa. O grande momento para levantar unha alternativa nacional: galegos, bascos, cataláns, irlandeses, bretóns... pero, ao mesmo tempo, construir unha alternativa social. Pór frente ao deseño dunha Europa imperialisma, unha alternativa social de esquerdas, unha nova sociedade europea que respeite os direitos nacionais, pero tamén o desenvolvimento do terceiro mundo e que non vaia a oprimilo e explotalo cunha nova colonización, e que organiza unha sociedade europea na que non teñan cabida o racismo e a xenofóbia que agora están en auxe. Que se constitua unha sociedade plurinacional, plurirracial e de respeito de todos os povos e de convivéncia.

Unha Europa que ensanche, ade-

'NO ESTADO ESPAÑOL TEMOS QUE CONSEGUIR CANLES POLÍTICAS PARA AS NOSAS REIVINDICACIÓNS SE NON QUEREMOS QUE OCORRA COMO EN CROÁCIA'

'ESTE É O GRAN MOMENTO PARA AS NACIÓNS SEN ESTADO, PERO TAMÉN TEMOS QUE FACER, AO TEMPO DA ALTERNATIVA NACIONAL, UNHA ALTERNATIVA SOCIAL'

mais, as estreitas fronteiras da CEE, que quer atribuirse o nome de Europa, cando non ten nengun direito, ao que foron as fronteiras históricas de Europa, que deben as suas fronteiras políticas.

No Parlamento Europeu que reflexo tiveron os procesos no Leste?

Están tendo un grande reflexo e son várias as consecuéncias. Hai unha derrota ideolóxica de sectores da esquerda esclerótica europea, os sectores dos comunistas ortodoxos vinculados ao modelo soviético, decadente e co que nós sempre mantivemos unhas tensas relacións, con acusacións moi fortes pola sua banda. Tamén hai un cuestionamento importante de toda a esquerda de por onde teñen que ir as alternativas no futuro.

No Parlamento debatémos a oportunidade de artellar unha esquerda na Europa que parta de superar estas grandes escleroses que tivo a esquerda comunista e socialdemócrata, basada fundamentalmente nos direitos dos povos e na formación de correntes de esquerda que artellen unha nova sociedade europea. Ao mesmo tempo estamos a debater cuestións práticas como as de Croácia e Eslovénia ás que lle están negando o recoñecimento.

O fin da loita armada

O proceso dado nos países do Leste levou ao fin da chamada *Guerra Fria*. Isto trai consigo diversos acordos de organizacións armadas, sobretodo latinoamericanas, para deixar as armas. Hai xente que se pergunta como, ante esta situación e non existindo xa no Estado español unha ditadura, pode seguir a loita armada en Euskadi e seguir matando xente?

En Madrid reúnese estes dias unha conferéncia de Paz entre palestinos e israelitas para resolver a tremenda inxustiza de que o estado de Israel estexa machacando a povoación palestina e os deixase sen terra. Paradoxicamente, Madrid, que organiza unha conferéncia de paz para Palestina, non é capaz de afrontar ainda o problema da paz en Euskadi. Isto é: de facerlle frente ao que comezou en Alxer hai dous anos e que ten que desenvolverse. Euskadi necesita unha conferéncia de paz, unha alternativa de paz; o que vale para os palestinos, vale para os bascos. Hai que buscar unha alternativa política para o enfrentamento entre o povo basco e o Estado español. Ese é o fondo do problema.

Mentres non se aborde esta cuestión, en HB temos a sensación de que a resisténcia armada por parte de ETA está disposta a continuar até que se abra o cauce político. Os que nos propoñemos solucionar o problema da loita armada, temos que ir ao fondo político.

Pero o que semella claro é que a liberación non se vai conseguir polas armas, que non vai haber unha vitória militar de ETA.

Pero tampouco unha vitória militar do Estado. O que é dramático e tremendo é que esta situación estexa custando vidas humanas nun bando e noutro bando. Antonte morreu un militante de ETA en Bilbo. Isto é duro, pero é unha dureza que, semella, o Movimento de Liberación nacional Basco está disposto a afrontar.

Todo o mundo recoñece, cando se trata do **problema palestino** que non se pode aguantar a *Intifada*, con mortos e máis mortos dia a dia. Se iso necesita unha conferéncia de paz, unha saída política, tamén esa saída é necesária aqui e máis se partimos de que é imposíbel unha vitória militar de ETA sobre o Estado nen do Estado sobre ETA. Isto é o que alguns ainda non viron pero que terian que comezar a ver. Cando asi sexa, comezaremos a pensar nunha solución política.

Que papel poderian xogar neste proceso as outras nacións do estado. Aí están as polémicas sobre os atentados de ETA en Catalunya ou, mesmo, sobre a preséncia de HB nas eleicións europeas na Galiza?

Penso que hai unha solidariedade profunda entre as nacións oprimidas. Asi como os bascos apoiamos incondicionalmente aos eslovenos e croatas é lóxico que HB atope apoios na Galiza e en Catalunya. Se eu estou no Parlamento europeu é, en parte, cos votos dos galegos e cataláns. Orabén, cada povo ten o seu próprio proceso de liberación nacional e iso é, en definitiva, o que nos vai axudar aos bascos. Temos que buscar camiños políticos para os nosos próprios povos. O que non podemos admitir, nen os galegos, nen os bascos, é que nos situen nunha Europa que non estamos facendo nós; nunha Europa na que imos seguir sendo vítimas, non só políticas, senón económicas e sociais. A Europa que se está a facer aséntase sobre uns desequilíbrios nacionais e sociais cada vez maiores.

A folga xeral de Astúrias deuse como consecuéncia desa política. folga xeral, quero dicilo, que deberá estenderse á Galiza e a Euskadi proximamente.

'NO ESTADO ESPAÑOL TEMOS QUE CONSEGUIR CANLES POLÍTICAS PARA AS NOSAS REIVINDICACIÓNS SE NON QUEREMOS QUE OCORRA COMO EN CROÁCIA'

Consenso co BNG

Pero tense acusado a HB de pretender supeditar a estratéxia sua á dos outros movimentos nacionais do Estado.

Nunca o pretendeu non o fixo, sería un gran erro. Penso que foi unha crítica interesada. Penso que se HB conseguiu apoios políticos noutros povos foi debido a astúcia política por parte de sectores deses povos.

Vou pór un exemplo. Nós apoiamos a independéncia de Lituánia e criticóusenos este apoio porque estaba dirixido por forzas da direita. Os que realizaron as críticas non entenden o fondo do problema: un povo ten o direito a facer o seu próprio camiño e xa resolverá el, logo, os seus problemas internos. Ese mesmo princípio foi o que fixo que nós encontrásemos apoios externos. Non imos entrometernos na Galiza ou en Catalunya, nunca o fixemos.

Deixando a un lado esas discrepáncias, como poderia concretarse o entendimento entre as distintas organizacións das nacións do Estado español?

Tanto os novos estados que están a nacer, como as nacións ainda sen estado da Europa deberíamos de organizar unha conferéncia, que xa se está a valorar en distintas nacións e por distintos movimentos políticos, de cara a Helsínqui II que vai ser un cúmio da CSC para volver definir os princípios de relación internacional, fronteiras interiores, etc., e facer unha conferéncia nalgun lugar significativo para tomar posicións e reivindicar que, nesa futura ordenación, haxa camiños e vias políticas para o aceso á autodeterminación das nacións.

'HB ESTÁ DISPOSTA A PROPICIAR UNHA CONFLUÉNCIA DE POSICIÓNS CO BNG CARA A CONFERÉNCIA DE HELSINQUI'

Desde HB estamos dispostos a propiciar esta iniciativa e facer unha conlfuéncia de posicións para poder chegar a ese feito político. Neste sentido penso que seria positivo unha coordenación co BNG. ♦

'HB non quer exclusivizar o movimento pola independéncia en Euskadi'

Cal é a estratéxia que vai seguir nos próximos meses HB?

O da manifestación do pasado 12 de Outubro, con ser un paso importantísimo, só foi o comezo dunha campaña.Esta semana houbo unha reunión en Gernika de cargos eleitos non só de HB, senón de EA e PNV, o que demonstra un auxe no movimento social independentista que HB só está a dirixir porque o rexionalismo do PNV renunciou a estas posicións. Pero HB non quer exclusivizar este movimento. Esa é a nosa estratéxia: fortalecer o movimento pola independéncia, conscientes de que, con isto, estamos a fortalecer o proceso cara a liberación nacional.



ALEX LARRETXI

A crise dos partidos nacionalistas situados entre PNV e HB significa que pode haber unha simplificación do arco partidário en Euskadi?

É unha crise natural, froito de tensionar até o extremo o pacto contra HB, que fixeron crise os seus postulados políticos. O caso de EE é dramático porque é unha forza que ven do independentismo e que, como consecuéncia desta tensións do pacto, chega a ser unha forza agresivamente anti-independentista. Ainda onte un destes dirixentes do que queda do sector oficial afirmaba que a independéncia seria unha ruina para Euskadi.

Asi, as alternativas ante a povoación simplificáronse. Quedou o PSOE, o gran deseñador do pacto, o PNV, a forza rexionalista coa que se quer enganar á povación basca a respeito das suas reivindicacións e logo HB, como a manifestación política do independentismo.

Entendimento HB-PNV

Pero para atoparlle unha saída á actual situación non pensa que HB e PNV se teñen que entender dalgun xeito?

O PNV pasou de ter unha postura de aliñamento sen matices co PSOE a ter unha postura ambígua na que, por un lado, un sector do PNV era o encarregado de continuar cunha política ultraagresiva contra HB (Ardanza) e outra liña que ia a entendimentos parciais. Aí está o tema da autovia, ainda que estexa a pique de fallar porque o PNV non foi consecuente con esta liña, pero terá que pensarse, ainda que só seña como estratéxia de futuro, o chegar a liñas de entendimento con HB para facer frente a cuestiósn que lle agóbian.

O Estatuto de Gernika está esgotado polo que é evidente que o PNV se buscaria a ruina política se se limitase a actuar en comandita coa opción PSOE para Euskadi. Penso que o PNV xa comezou a ver que lle é necesário propoñer unha política diferente para Euskadi. O da autovia foi un ensaio limitado, pero terá que pensar ensaios máis sérios, sobretodo cara a negociación política. No interior do PNV está a haber movimentos cara pór a andar esa estratéxia.

Non pode ocorrer que tanto no PNV como en HB xa se estexa pensando en como ocupar o espazo despois da negociación. Arzallus afirmaba que o que pretendia ETA era sair da negociación cun capital político e non espidos como sairon os *polis-milis*. Que HB pretende rentabilizar politicamente a negociación.

'O PNV TEN QUE CHEGAR A UNHA LIÑA DE ENTENDIMENTO CON HB AINDA QUE QUE SÓ SEXA COMA ESTRATEXIA DE FUTURO'

Arzallus é moi dado a facer construcións no ar, a facer cábalas. ETA foi moi clara á hora de propoñer esa negociación e de como se vai dar. ETA inclue a posibilidade de que os partidos bascos entren nese proceso e aí é onde tanto HB como o PNV teñen que comezar seriamente a planificar ese deseño, esa aportación. Pero hai fases, hai etapas. O que lles pediria aos dirixentes do PNV é que formulasen con realismo o que teñen diante.

Aí están as cousas que son evidentes para toda a povoación europea: a autodeterminación xa non é unha cuestión africana, a demanda de independéncia é moi forte en Euskadi e existe unha crise socioeconómica e política do Estatuto de Gernika e que é necesário pensar noutro tipo de estratéxia política, poloque se evidéncia outro tipo de solucións políticas. Unha forza política que queira seguir a ter peso debe de apontarse a ese carro e tratar seriamente o tema.

Tamén se fala de divisións en Herri Batasuna.

Os que fan comentários sobre a división na esquerda abertzale o que semella é que fan previsións de futuro. Son unha vella história estes intentos de división, pero, como se pode ver, sen nengun resultado. ♦

XUÍCIO AO EGPGC

A fiscal retira unha das acusacións sobre Campuzano

O maxistrado expulsa do xuício aos catro membros do EGPGC e ao público

■ M. BERTOJO/MADRID

O maxistrado ponente da sala da sección segunda da Audiéncia Nacional, Giménez Alfaro, ordenaba o desaloxo dos catro *guerrilheiros*, asi como do público asistente, co que daba por rematada a vista oral contra os oito acusados de pertenza e colaboración co EGPGC.

A drástica orde tivo lugar tras sucesivas chamadas de atención a Arias Curto, San Martín Bouza, García Matos e Matalobos Rebolo, ante a sua insisténcia en facer declaracións de contido político no seus turnos respectivos, tras os alegatos dos distintos avogados defensores.

A vista reanudouse ás 11,45 horas do dia 24 coas declaracións dos tres restantes encausados, presuntos colaboradores do EGPGC, Miguel Campuzano, Alfredo Santos e Manuel Soto.

A perguntas do ministério fiscal, Miguel Campuzano declarou descoñecer a militáncia de Arias Curto e Matalobos no EGPGC.

XOSÉ CASTRO / VOZ NOTÍCIAS

Miguel Campuzano, o dia da sua posta en liberdade, após de tres anos de cadea.

O detido explicou tamén que as suas diferéncias cos catro militantes do EGPGC chegaron a unha situación case insostíbel durante a sua estadía no mesmo módulo da cadea de Alcalá-Meco. Tamén denunciou a campaña de intoxicación de certos meios, imediatamente despois da sua detención, que o sinalaban como o cerebro do EGPGC.

A perguntas da fiscal, Manuel Soto negou a sua implicación co EGPGC, e afirmou descoñecer o contido dos paquetes que recebera, meses antes das detencións, procedentes de Portugal remitidos a Arias Curto, ao que coñecia de vello pola sua militáncia política e sindical comun. Declarou, tamén, que a recepción e armacén temporal de obxectos ou encargos procedentes do país viciño é unha prática habitual en Salvaterra do Miño, emprazado a poucos metros da fronteira.

Por outra banda, Alfredo Santos foi acusado de colaboración co EGPGC polo transporte de explosivos desde Salvaterra a Castro Caldelas por encargo de Matalobos. Santos esgrimiu na sua defensa ter realizado os portes a plena luz do dia e sen ánimo algun de ocultación.

As probas periciais

Os dous peritos médicos propostos pola Audiéncia Nacional, os psiquiatras Lebrero e Muncharaz de Institucións Penitenciarias, presentaron a continuación os seus respectivos informes sobre o estado da acusada Susana Lopes Poças. O doctor Lebrero estabeleceu que a acusada, en 1989, presentaba un cadro depresivo, agravado posteriormente por un cadro xeralizado de epilépsia. Chamou a atención sobre os seus derradeiros electroencefalogramas claramente patolóxicos. Por último, declarou a Susana semiimputábel.

O doctor Muncharaz, que deu conta dos informes dos seus colegas portugueses, insistiu no manifesto transtorno de personalidade da acusada, o carácter crónico e estigmatizante da sua doenza, e a sua exclusión, en consecuéncia, da vida social: imadurez e unha grande necesidade de estimación.

Destacou a personalidade de Arias Curto: carismático, firme, de convicciións profundas e altruístas; rasgos que poden levar a unha persoa como Susana á sua identificación con el. Declarou a Susana non imputábel.

As conclusións da fiscal

A fiscal retirou a acusación de tenza de explosivos —10 anos de prisión maior— a Miguel Campuzano; ainda que mantivo a de colaboración con banda armada —7 anos de prisión maior—, asi como a Santos e Soto. Para o resto dos acusados: Arias, Matos, San Martín, Matalobos e Lopes Poças reiterou as acusacións de pertenza a banda armada —8 anos de prisión maior—, depósito de armas de guerra —10 anos de prisión maior, dous máis para Arias por reincidéncia—, tenza de explosivos —10 anos de prisión maior— e falsificación de DNI para García Matos e Arias —3 meses de arresto maior—; elevando as suas conclusións a definitivas. ♦

O MUNDO EN CÁMBIO

UNHA NOVA PANTASMA EUROPEA: O NACIONALISMO

DUARTE CORREA PIÑEIRO

Nestes últimos anos o mundo transformouse e está-se a transformar rapidamente; a desaparición das chamadas "democrácias populares", a subida de Gorbachov ao poder, a caída do muro de Berlin e o conflito iugoslavo fan que a xente se pergunte: que é o que pasa?

Tras los acontecimentos do mes de Agosto muitos frotan-se as mans coidando que teñen a resposta ao que está a pasar; segundo eles todo isto debe-se a que o "comunismo" (movimento considerado erroneamente pola meirande parte da xente como perfeito sinónimo de U.R.S.S.) desapareceu, esfumou-se unha das principais referéncias do século XX. *Morreu o comunismo.*

Na nosa sociedade, polo xeral, cando morre alguén todos lembran aquelas cousas boas polas que destacaba, ainda que estas en moitos casos fosen escasas; pero dá-se a casualidade de que nesta "presunta defunción" pasa todo o contrário e ninguén lembra nada bon do difunto; uns falan da fame e da miséria na que vivia a povoación, outros refiren-se ao cárcere de povos no que se convertera a URSS, e todos coinciden na absoluta falta de liberdade.

Pero é isto o que hai?, tras setenta anos só podemos facer este balance?

É certo que algunhas das características que sinalan dabanse, pero debemos facer unha análise séria, moi crítica pero séria, de todos os aspectos negativos que contiña o réxime soviético para podermos descobrir por que fallou ese intento de construir o socialismo (fuxindo de confusións terminolóxicas debe-se recoñecer que nunca houbo comunismo nen na sociedade soviética nen na de nengun outro país).

Un dos principais erros foi a excesiva centralización, a sobre-planificación de todo o burocratismo, que convertian o poder e a toma de decisións nun camiño de sentido único descedente desde os órgaos dirixentes até o povo, co cal a sociedade non participaba nas decisións; entón ese "home novo" tantas veces mentado non existia porque a escesiva tutela do Estado-Partido afogaba-o negando asi a posibilidade de se realizar un dos princípios básicos do que é o comunismo como ideoloxia, o remate da alineación e da explotación das persoas, dado que un dos obxectivos para todo comunista é que homes e mulleres podan desenvolver libremente a sua personalidade. A iniciativa das persoas, que é un dos motores que fan avanzar, era negada debido ao peso dun Partido Único que pretendia unha sociedade monolítica.

Pero ao lado desta crítica e doutras muitas que se poden facer debemos ter presentes tamén as aportacións positivas, desde a criación do primeiro esatado obreiro até moitas das reformas de Gorbachov, pasando polo papel do exército vermello na II Guerra Mundial. De todo iso debemos tirar conclusións pero sen perder o noso norte que é o de acometer a elaboración da política máis axeitada para a nosa nación, non fechando-nos ao que pasa alén das nosas fronteiras pero tampouco considerando que porque se produzan determinados feitos fóra o traballo feito é inútil e só resta pechar o chiringuito.

Os comunistas galegos ai igual que os doutras nacións sen estado próprio fomos sempre os díscolos, a heterodóxia frente aos partidos comunistas oficiais, a nosa mesa aparición na cena política foi unha crítica ás posturas dogmáticas e librescas de "un estado e polo tanto un só partido". A nosa prática xunto con outras organizacións e persoas nacionalistas está a demostrar que non somos uns radicais pequeno-burgueses como moitas veces se nos ten chamado. Hoxe mentres en moitos deses partidos "oficiais" hai un desnorte político e consideran imprescindíbel o debate sobre se deben ou non seguir existindo, a nós abren-se-nos novas portas coa irrupción na tranquila e educada Europa ocidental de nacións até agora negadas que de aqui a pouco unhas, outras xa o fixeron, poderán decidir libremente o seu futuro.

A nova Europa configurada a fins dos anos cuarenta con vocación de permanéncia empeza a mover-se e as ríxidas fronteiras trazadas daquela van rachando influencias sobretodo polos cámbios producidos na URSS e polo conflito dun estado iugoslavo que só funcionou mentres viveu o seu fundador o mariscal Tito.

Agora xa poucos se lembran de que as fronteiras eran inamovíbeis e alguns estados como a nova Alemaña queren aproveitar para curar unhas feridas de cincuenta anos, asi, apoian a independéncia das nacións bálticas e das balcánicas sobretodo, para con iso aumentar as suas áreas de influéncia. Outros, como o Estado español, empezaron dando pasos tatexantes, por medo a que esa "nova pantasma que percorre Europa" lles revolucione a própria casa, e agora din hipocritamente que eles tamén son defensores da liberdade dos povos chegando a falar do envio de tropas españolas a lugoslávia para apoiar os intentos pacificadores. É moi fácil predicar liberdade cando os suxeitos aludidos están a vários miles de quilómetros.

'ESE *HOME NOVO* TANTAS VECES MENTADO NON EXISTÍA PORQUE A EXCESIVA TUTELA DO ESTADO-PARTIDO AFOGABA-O'

Por aqui é por onde debemos entrar os nacionalistas galegos, o ambiente é propício se o sabemos aproveitar. Para iso temos que respaldar as iniciativas a prol da autodeterminación de Galiza presentadas nas distintas institucións cunha forte campaña na rua que non se pode cinxir aos típicos mitins ou comunicados. Hai que vulgarizar o conceito "autodeterminación" explicando-lle á xente con exemplos claros o que significa, tentanto que o tema sexa obxecto de conversación, de comentário, etc. Denunciando tamén a postura do governo español, que defende alén das suas fronteiras o que aqui condena argumentando que o debate nacionalista no Estado é artificial e fomentado por minorias radicais que o único que pretenden é facer valer ideas violentas e secesionistas contrárias á democrácia.

Ademais deste labor fundamental de concienciación na nosa própria sociedade debemos contactar co exterior, achegando-nos a esas nacións, expresando-lles a nosa solidariedade e apoio aos seus procesos, ao tempo que lles damos a coñecer a nosa realidade nacional de xeito que podamos estabelecer uns lazos que para nós serán un importante paso adiante no recoñecimento da Galiza a nível internacional. Recoñecimento que tamén axudará a que moitos empecen a entender que Galiza como nación non é idea duns cantos tolos senón unha realidade que xa transcende o noso próprio marco xeográfico. ♦

A HORA DE CAPITALISMO

Fernando Collor de Melo, presidente do Brasil

'É difícil imaxinar unha nova orde internacional cando unha maioria de seres humanos está marxinada do progreso'

■ J. RODRIGUEZ/BRASILIA

A pouco máis dun ano e médio de ter chegado ao poder cos votos de 34 millóns de eleitores, Fernando Collor de Melo ten que afrontar unha grave crise económica. O presidente brasileiro considera que a actual disparidade de recursos entre os paises ricos e pobres constitue unha "clara ameaza á paz e á estabilidade internacional".



O mandatário brasileiro asevera que tales diferéncias son á sua vez a causa das dificuldades que afectan a un gran número de nacións, incluindo o tráfico de drogas ou as agresións ao médio ambiente.

Collor de Melo, de 42 anos de idade, e xefe de Estado da maior nación latinoamericana, asegura que compre "colocar no escenário internacional os valores de xustícia social e dunha nova conciéncia ética, utilizando para isto o camiño do diálogo, a persuasión e a cooperación".

Preocupado ao longo do seu ano e médio de governo pola complexa situación económica e social que vive o seu pais emáis o resto da rexión, o mandatário brasileiro afirma que é difícil imaxinar que se poida inzar un orde internacional pacífico e estabel "cando a vasta maioria da humanidade se encontra alonxada dos froitos do progreso".

Para Collor de Mello, a comunidade internacional non pode desperdiciar a oportunidade que brinda a chamada distensión Leste-Oeste para construir unha paz mundial verdadeiramente sólida e duradeira.

"Por iso, sinala, é preciso evitar que a bipolaridade ideolóxica e estratéxica da guerra fria sexa sustituida pola bipolaridade entre a riqueza de poucos e a pobreza de moitos".

O presidente do Brasil censura a "falta de contrapartidas por parte das nacións desenvolvidas aos esforzos de moitos estados da rexión latinoamericana para superar a crise mediante axustes económicos, axilización da maquinária estatal, incentivos á produtividade e apertura económica".

Siléncio das nacións desenvolvidas

"É natural que paises como o Brasil demanden das nacións ricas respostas axeitadas en temas fulcrais para o noso desenvolvimento, como a negociación da débeda externa, a transferéncia de tecnoloxia, o princípio de reciprocidade e o fin do proteccionismo", engade.

A débeda brasileira é a maior de América Latina. Segundo o presidente Collor, "os límites aceitábeis para un convénio cos acredores serán sempre aqueles que non fagan inviabel o crecemento do pais".

"Brasil necesita medrar, non quer aillarse, quere asociarse, pero non pode continuar empobrecéndose, nen darse o luxo de perder outra década. No interés de todos a débeda debe ser paga na medida do noso crecemento económico", suliña.

A ONU debe ser prestixiada

"A ONU debe ser prestixiada como foro universal, insustituíbel como tal, e para o exercício pleno das suas funcións debe pasar por un proceso de modernización na procura de maior eficiéncia e axilidade", sinala o primeiro mandatário brasileiro Collor de Melo.

Collor adxudica á ONU a misión de conformar un novo orde internacional, por médio dos seus órgaos permanentes como a Asamblea Xeral e tamén no marco das grandes conferéncias internacionais programadas.

Estas importantes reunións son as referentes a médio ambiente e desenvolvimento, en 1992; sobre dereitos humanos, en 1993; sobre povoación, en 1994, e sobre a muller en 1995.

Precisamente a primeira das conferéncias mencionadas terá lugar en Xuño do próximo ano en Rio de Janeiro e xunto ás preocupacións ecolóxicas téñense percebido algunhas pretensións de paises industrializados por introducir restricións á soberania brasileira sobre a Amazónia.

A colaboración con Cuba

A colaboración entre Cuba e o Brasil tamén foi abordada na entrevista. "A cooperación entre os dous paises, sinala Collor, ten evolucionado de forma positiva, en beneficio de ambos paises, abranguendo diversos sectores, como son o cultural, o educacional, o económico e comercial e o científico-técnico".

Collor lembra a relevância do acordo de cooperación científica, técnica e tecnolóxica que entrou en vigor en Xuño de 1990 e o intercámbio de diversas misións desa área efectuado nos últimos cinco anos. ♦

PRENSA LATINA

O fracaso económico da *liberalización*

A recesión que paraliza a economia brasileira desde o ano pasado agrávase dia a dia, aumentando o desemprego e estimulando o descontento, ao tempo que a inflación acelérase de novo e xa albisca o 20% mensual.

O próprio governo, interesado en arrincar do Congreso unha reforma constitucional que permita liberalizar a economia, dá conta da ameaza de "ingovernabilidade" e do "colápso do Estado". O poder executivo presentou ao Parlamento unha proposta de alteración da Carta de 1988, propoñendo medidas que reduzan o deficit crónico que as contas públicas brasileiras arrastran desde hai décadas, entre elas unha reforma fiscal.

Entre os principais pontos do texto figuran a desestatización das importacións, do refinado de petróleo e das telecomunicacións. Asemade, elimínanse a maioria das restricións que pesan sobre o capital extranxeiro. A proposta guvernamental prevé tamén acabar coa estabilidade dos funcionários públicos.

Collor de Mello asumiu o governo do Brasil en Marzo do pasado ano, cando a inflación gaveaba polo 84% mensual e os empresários atraidos, atraidos polas sabrosas taxas do mercado financeiro, refugaban os investimentos na produción. O segundo dia da sua xestión, o novo mandatário, que prometera "matar o tigre da inflación dun só tiro", conxelou os précios e os salários e bloqueou por 18 meses os depósitos bancários de máis de 700 dólares, retirando asi da circulación uns 115 mil millóns de dólares.

A inflación caeu entón a un nível do 3% mensual, pero en poucos meses o *tigre* xa daba novos sinais de vida e a fins de Febreiro deste ano o frenesí alcista obrigou ao governo a aplicar un novo "plan de choque" contra o alza do custo da vida, conxelando os précios e salários por quinta vez desde 1986. ♦

COLLOR OU AS PREGÁRIAS DUN PRESIDENTE POBRE

M. VEIGA

A *liberalización* económica ten os seus custos: 45 millóns de pobres, case a terceira parte da povoación, mentres a inflación retoma a sua carreira ascendente.

Moitos políticos e comentaristas da dereita realizan xa as suas previsións: a situación é moi parecida á de 1964, cando se produciu o golpe de estado que habia durar 20 anos.

Mentres tanto, Collor esfórzase por afirmar que a democrácia é a única via, pero conscente do desastre económico, solicita unha maior xenerosidade por parte dos paises máis desenvolvidos.

Mais, non parece de todo acertado calificar de fracaso a aplicación das medidas suxeridas polo Fondo Monetário e o Banco Mundial. O fracaso é só para a povoación. Os sectores financeiros e especulativos, exteriores e nacionais, manteñen os seus réditos, só ensombrecidos polas protestas cidadáns, as folgas e o medo ao ascenso do Partido dos Trabalhadores. Neste contexto, un golpe de Estado poderia significar, para estes sectores, a única forma de manter as medidas económicas actuais, garantindo a *aceitación* das mesmas por parte da povoación.

UN GOLPE DE ESTADO PODERIA SIGNIFICAR A ÚNICA FORMA DE MANTER AS MEDIDAS ECONÓMICAS ACTUAIS, GARANTINDO A ACEITACIÓN DAS MESMAS POR PARTE DA POVOACIÓN

Collor procura a mesma milagre que a maioria dos políticos do Sul neste intre: como aplicar as medidas restritivas ordeadas polos paises ricos, sen empobrecer ainda máis ao pais próprio. Ou, en última instáncia, como impedir o caos económico e a sublevación dos afectados, sen recurrir á represión. A visita do Papá foi unha alusión a esa milagre e unha chamada á resignación dos oprimidos. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente:** Antón Fernández Sánchez. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretário:** Pancho Torrente. **Vogais:** Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Nornerto Tabarés, Carlos Xohán Diaz e Xaquin Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa

Correspondentes: Antón Prieto (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Santiago), Enrique Sanfiz, Mª Xesus Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcia), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortegal), Desidério Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Alvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (Barbanza Norte), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza Sul), Manuel Diaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macias (Euskadi), Miguel Rodríguez Bertojo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes:** Víctor Míguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). **Cultura:** Lino Braxe (Lugo), Manuel Carballido (A Coruña).

Colaboradores: Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Manuel Hortas Vilanova, , Margarita Ledo, Xesus Vega, César Varela, António Mascato, X.L. Iglésias. **Internacional:** Xulio Rios, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan Carlos M. Betelú. **Ecoloxia:** M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. **Deportes:** Ricardo Rivera **Axenda:** Marga R. Holguin.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. **Cine:** Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Televisión:** Alexandre Banhos. **Arquitectura:** Plácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Anxo Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, XoséL. Diaz,, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Alvarez, Tachi Castro, *Voz Noticias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Xulio Gaioso, Tokio, Hermida.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada e Carlos Soaxe

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos.

Suscripcións: Blanca Costas

Dirección e Administración:
Rua Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo)
Apartado de Correos 1371 (36200 Vigo).
Tfnos.: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3-1958

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reproducción sempre que se cite procedéncia.

CARTAS

RISUS ABUNDAT IN ORE STULTORUM

Veño observando nos últimos números de A Nosa Terra a resurrencción do espírito bizantino: o sexo dos anxos en versión postmoderna e *à la page.* A falta doutras discusións máis enriquecedoras, o Sr. Riveiro abórrenos con coidada pluma e desaliñadas ideas ao redor da estrela que loce a nosa bandeira nacional, amén doutros prexuízos non menos estéticos; "c'est un gran mal que l'abus du temps. D' autres maux pires encore suivent les lettres et les arts" di Rousseau nos *Discours* mellor ca min e máis bonito. Pero, estes párrafos non pretenden ser unha réplica e moito menos espero nen desexo novos asertos do noso escritor.

Aclárome para min mesmo e para os irmáns da Pátria oprimida. Non é, téñase ben presente, unha catilinária *ad homnem,* non é un discurso para intelectuais de salón, non para aqueles a quen, certeiramente, os obreiros ingleses critican "wining and dining with the ruling class".

Sesudos pensadores "ocidentais" falsifican, venden con moeda falsa a lucidísima xeira intelectual do de Tréveris. Badocas mentes que pensan ver a contradición Leste-Oeste, máis explicitamente URSS-EEUU, como corolário da dialéctica marxiana, onde a desaparición da contradicción e a xénese do fin da história. Marx, en troques, sinala reiterada e firmemente que a contradición inerente ao sistema capitalista reside entre as forzas de produción e as relacións de produción, contradición que debe ser resolta non na desaparición dun dos polos, senón na superación dialéctica de ambos, val dicer, o comenzo da história.

Francs Fukuyama asevera o fin da história, Fritz Sternberg xa o afirmara en 1926 no seu libro *Der Imperialismus* (Malik Verlag, Berlin, páx. 232): vellas ideas en novos infólios. Nesta nosa época, os ideólogos da burguesia repiten os pensamentos doutros, ainda que como paródia.

A história como interacción de polos en conflito!, Marx e Engels "dixerunt" nun celebérrimo opúsculo publicado en Londres en 1848 e que leva o sonoro título de Manifiesto do Partido Comunista. Fukuyama marxista, xa que logo? Non, a caricatura do filisteísmo encarnada en funcionário.

Schumpeter, a quen en boa lóxica non se pode tildar de marxista, escrebeu sobre don Carlos: "Marx tivo, en ocasións, que dobregar, ou desviar, os critérios que se terian seguido loxicamente do seu sistema. Non obstante, se Marx non tivese sido máis que un provedor de fraseoloxia, xa estaria morto hai tempo. A Humanidade non garda agradecimento para esta espécie de servizo e esquece rapidamente os nomes dos que escreben os libretos para as súas óperas políticas". Operas bufas, engadiria eu, meu querido escrebedor, ainda que non ao xeito vienés, desde logo.

Agora que o congreso da U.P.G. vai ser celebrado, os comunistas galegos vámonos pechar efectivamente para discutir sobre hermenéuticas e teosofias, quer dicer, sobre a loita de clases a escala universal, o imperialismo e a estratéxia de liberación nacional, xa ves, teosofias moi sospeitosas como calquer cidadán medianamente cultivado sabe: os vocábulos como conceito científico descorren os veos das outras polisémias deses mesmo vocábulos, ou dicíndoo con Spinoza, "verum index suit et falsi". Ainda máis, discutiremos, estudaremos e esforzarémonos en facer avanzar esa "rara avis" que se dá en chamar B.N.G. Hermenéutica, certamente.

Teño por seguro que o que lles acontece aos mediocres pensadores da direita é que non lles funciona o hemisfério esquerdo do seu cerebro. Paralis, pois, da sua direita como calquer manual de anatomia —e hainos moi recomendábeis— pode ensinar. Paralis negador da universalidade do outro, non como síntese, senón como estultícia imobilizadora do pensamento. Pontualicemos: tema de Definición. Resístome a crer que ideólogos de tanta profundidade como o que comento non recorden a Hegel: "Die Totalität der Aeussereungen ciner Kraft ist die Kraft selbst, —der Accidenzen die Sbstanz— der Besonderungen das Allgemeine".

Perdoade, meus compañeiros, ou disimulade máis ben, que eu, homilde emigrante que ten que traballar fisicamente coas mans nos Altos Fornos de Biskaia, que non son nen filósofo, nen dirixente do B.N.G., se empeñe en esborranchar unhas liñas para defender a democrácia sen exclusivismos no seo do movimento emancipador, o afianzamento do nacionalismo e o poder de autodecisión para a martirizada pátria: cousas de pequena importáncia.

Alcanzas a ver a diferenza, meu camarada?

XOSÉ ANDRÉ LÓPEZ GONZÁLEZ
(Euskadi)

DISCREPÁNCIA SOBRE A CONFERÉNCIA DE PAZ

Discrepo rotundamente da crônica sobre a Conferência de Paz publica no anterior ANT e considero que já vai sendo hora de rematar com a velha mistificação, com essa chantagem pequenoburguesa, segundo a qual apoiar o direito à existência do povo judeu (não outro, desenganadevos, é o fundo da questão) comporta estigma reaccionário e delito de excomunhão das casas comuns dos "progres" (seja a do PSOE ou a do BNG).

Isto último, a verdade, tanto me tem. Porém, reconheço que os sintomas de miopia histórica e de envilecimento político dos que alguns fam gala com o seu antisionismo visceral producem-me estupor; a sua devoção incondicional para com regimes fascistas presididos por chefezuelos iluminados e caudilhos da pior catadura tão só me produce asco.

Deixando bem clara de antemão a repulsa que me provoca a permanente violação dos mais elementares direitos humanos que se vem dando sobre a população residente nos territórios retenidos (tanto por parte do Exército israelita como dos comandos árabes "anticolaboracionistas"), gostaria-me lembrar, se quer for de passada, a histórica *solidariedade* com a causa dos árabes palestinos desses países da zona, que têm a Arafat, tal como nos lembra na crônica citada Gustavo Luca, como "líder máis respeitado de Oriente". Vejamos alguns exemplos:

1. O 15-V-48 os Exércitos do Iraq, Egipto, Líbano e Transjordánia —não Israel, amigos de ANT— invadem o território atribuído aos árabes palestinos pela partição da ONU.

2. O 24-4-59 Transjordânia anexiona-se os territórios de Judea e Samária e Egipto fai o próprio com Gaza.

3. Em Setembro de 1970 o Rei Hussein de Jordânia manda o bombardeio dos assentamentos palestinos no seu território massacrando uns 20.000 habitantes.

4. Durante a Guerra do Líbano a milícia shiita pro-síria AMAL liquida como coelhos a centos de palestinos.

5. No transcurso do mesmo conflito, a horda libanesa de Shamir Geagea massacra aos palestinos dos campos de Shatila e Sabra.

6. Em Julho deste mesmo ano o Exército Libanês do governo títere pro-sírio bombardeia as posições palestinas no sul do Líbano.

Mas se o certo, na realidade, é que os árabes palestinos lamentavelmente sempre têm sido tão só uma incómoda moeda de câmbio entre os demais países árabes da zona, também não é rigoroso sustentar que "todas as tendéncias da OLP xúntanse arredor do claro liderazgo de Arafat", ou, o que é o mesmo, de Al-Fatah. Se não é incontestável inclusso para o sector dirigente da OLP que repetidamente se tem negado à celebração de eleições livres nos territórios. Hoje os integristas de HAMAS, por citar o exemplo mais ilustrativo, representam aproximadamente a um 20% da população dos territórios. É entorpecedor, pois, dar essa falsa image de unidade de uma organização rota, fragmentada por assassinatos mútuos entre os seus membros, enfrontada a boa parte do povo a quem dizem representar, sobretudo tras o seu apoio explícito ao genocida Sadam Husein durante a invasão de Kuwait.

Doutra banda, afirmar que Israel desafia as ressoluções 246 e 338 da ONU é certo; mas é mistificador dizer, tergiversando a literalidade de ditas ressoluções, que estas estipulam a retirada de territórios ocupados. Esquece-se interessadamente a segunda parte das mesmas: a câmbio de paz e fronteiras reconhecidas internacionalmente! O incumprimento por parte das monarquias feudais árabes desta segunda parte dos textos também é uma certeza.

Contudo, e apesar de que poda ser perfeitamente qüestionada a presença árabe no território palestino com anterioridade ao século VII d.n.e., apesar de que a pátria dos árabes palestinos seja de facto o actual reino de Jordânia, criado artificialmente pelos britânicos sobre 5/6 partes do território histórico da Palestina —e onde constituim uma maioria na população—, apesar, enfim, da compreensível repugnáncia que muitos podamos sentir face os históricos líderes palestinos (como Hadz Amin el Husseini, que se mostrara disposto a um acordo com Hitler e chegou a enviar numerosos voluntários ao exército názi), apesar de tudo isso, dizia, ninguém no seu são juízo pode ver com maus olhos a possibilidade de uma saída negociada como poda ser a que se propície com a Conferência de Paz.

Desde o meu ponto de vista, num processo regido antetudo pela boa vontade das partes, o lógico seria que Israel cedesse alguns territórios de Samária e Judea às mãos de Jordânia para configurar o Estado jordano-palestino que hoje de facto já é, ficando uma ampla zona desmilitarizada, ao igual que nos altos do Golám, baixo controlo das Nações Unidas; e, ao mesmo tempo, deveria desprender-se também do fardo inútil que constitui o estreito corredor de Gaza. Pela sua banda, os países árabes haveriam de rematar definitivamente o seu boicote a Israel e serem instados, baixo o auspício da comunidade internacional, a iniciar processos de democratização e a respeitar os direitos humanos dos seus povos e das minorias nacionais existentes nos seus territórios (algo tão elementar, ponho por caso, como não gasear kurdos nem enforcar duma soga aos seus opositores).

Mas, chegado a este ponto, a lógica libertadora e os desejos que me embriagam deixam passo ao sabor amargo de um profundo pessimismo.

JÚLIO BÉJAR
(A Corunha)

NON HAI FUTURO

Seica "non hai futuro" (coma rosmarian os punkis de Sex Pistols) para as esquerdas nesta época "retro" que estamos a viver. Tras o derrúmio por putrefacción do comunismo totalitário do Leste xurde agora a derrota da socialdemocrácia sueca nas eleicións. A ninguén lle pode facer grácia esa derrota, xa que a socialdemocrácia sueca era a imaxe bonita da esquerda; incluso lle caia ben a Rockefeller. Ainda que nos 90 os socialdemócratas eran uns "troleiros" (despois de Olof Palme xa nada foi coma antes) este partido ten un grande prestíxio. Abofé pasa por ser o inventor do estado asistencial ou de benestar e o do imposto da renda, un grande adianto para aquelos anos do *crack* do 29, e que coincidian co New Deal de Roosevelt e Keynes.

O vindeiro símbolo da esquerda en cair será o socialista Mitterrand, que ten os dias contados no Eliseo. Semella entón que estamos a viver o triunfo da democrácia liberal. Abofé ás noites síntome acosado polas voces dos liberais do século pasado que desde ultratumba rosman polo baixo coma un John Stuart Mill ou un Green: "Li-ber-da-de, i-gual-da-de, co-mér-cio li-bre e sen im-pos-tos", "or-de-e - progre-so", "laissez-faire..." Chegou o neoliberalismo!

ENRIQUE VÁZQUEZ PITA
(A Coruña)

O xantar. Arquivo Bene

O proxecto de criación dun Arquivo Sonoro de Galicia vai ser unha realidade nos próximos meses. O rexisto da memória sonora do noso país, debe servir para completar unha estrutura que tivo na imaxe (cine e fotografia), logo da criación do CGAI o pasado ano, o seu primeiro pé. As voces dos antepasados, o relato oral, a construción da história social e política desde os seus protagonistas e unha lista inúmera de materiais van ser recollidos, indexados e postos ao dispor dos cidadáns a meio dunha iniciativa do Consello da Cultura.

Para que o vento non leve as palabras

Ponse en marcha o Arquivo Sonoro da Galiza

■ XAN CARBALLA

Ouvir a voz de Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda, coñecer unha lenda ou unha cantiga desde a voz das persoas que as lembran, poder ter un rexisto sonoro das variantes dialectais do noso idioma, e sobre todo conseguir que esa recollida de material esté a disposición de estudosos, ensinantes e cidadáns é un dos obxectivos que persegue o Consello da Cultura Galega con este Arquivo que se ha instalar proximamente nos locais do Pazo de Raxoi, antes ocupados por TVE, e que serán reacondicionados para todas as instalacións do Consello da Cultura Galega.

Desde hai vários anos diversos proxectos veñen chamando a atención sobre a necesidade de gardar os tesouros da voz, culta e popular, que nos explican a nós mesmos como galegos. O proxecto Historga (História Oral de Galicia), é quizais o que máis foi avanzando na necesidade de ter rexistadas as testemuñas dun periodo histórico na voz dos seus protagonistas. Centrados na guerra e na represión, con incursións na emigración, moitos estudantes dirixidos entre outros por Isaura Varela e Marc Wouters foron avanzando na acumulación destas grabacións que agora poden tamén integrarse no proxecto que avanza o Consello da Cultura.

Os tres obxectivos principais que Afonso Vázquez-Monxardin, coordenador dos traballos de criación do Arquivo Sonoro, son o inventariado e cópia do material espallado entre institucións, particulares e organismos privados; a recollida da cultura popular de tradición oral e a recollida de rexistros cultos. Nunha estimación inicial das xentes que teñen traballado ou gardado por curiosidade, entrevistas, conferéncias ou voces populares, son vários miles de horas de grabacións de todos os temas e personaxes, e que deben compoñer o material inicila do Arquivo.

Unha experiéncia de referéncia

O Val de Aosta, actualmente rexión autónoma italiana, conta cunha experiéncia semellante. Cos seus 3.262 quilómteros cadrados de extensión e 112.000 habitantes, Val de Aosta ten unha singular situación lingüística. A sua língua própria, o franco-provenzal, atópase gravemente ameazado pola presión do italiano e o francés. Nese contexto o governo autónomo que funciona desde 1948 -Mussolini perseguira con saña a cultura e o idioma próprios do val- puxo en marcha o *Bureau Regional pour l'Etnologie et la linguistique*, que recolleu de saida os fondos de máis de 4.000 cintas reunidas por unha asociación (Association Valdotaine des Archives Sonores) que desde 1980 realizou entrevistas con vellos habitantes do val que contan as suas experiéncias sobre formas de vida antigas e história local, realizando exposicións e publicacións con ese material.

O sistema de indexación e organización do material vai servir de modelo para o Arquivo Sonoro de Galicia. "Nunha primeira fase -dinos Afonso Vázquez-Monxardin-, e mentres non haxa local definitivo, iremos copiando cintas e investigando os fondos que durante todos estes anos se teñen recollido por institucións, xornais, emisoras, bibliotecas, e facendo todos os contactos posíbeis. Empezaremos por ir copiando todas esas grabacións que iremos recollendo, e tratándoas tecnicamente coa meirande sofisticación posíbel. Nese senso temos entrado en conversas coa xente da Escola de Imaxe e Son da Coruña, que nos vai facilitar o seu asesoramento, e posibelmente alguns alumnos dos últimos cursos podan integrarse no proxecto".

O tratamento do sonido inclue a ecualización e compresión do sonido, por médios analóxicos e dixitais, de maneira que o manexo dos materiais se faga nas mellores condicións posíbeis. Cintas de seguridade e material agrupado en bobinas, son alguns dos soportes que se utilizarán convencionalmente no Arquivo, que prevé, a médio prazo, poder editar algunhas gravacións con obxectivos didácticos e mesmo comerciais, "como ensinante paréceme interesante que cando se diga que o pai da oratória galega é Otero Pedrayo, os alumnos podan escoitar a sua voz, ou que cando estemos falando das variantes lingüísticas ou da literatura oral popular, teñamos exemplos na aula".

Colaboración coa escola

Xavier Catro poñia o dedo na chaga nunha tribuna que recolliamos neste mesmo xornal (nº 393. 29-Xuño-1989), "compre bulir pois o tempo deseca implacabelmente as nosas fontes, ameazando con esa forma de desertización intelectual que é a amnésia. O conxunto da cultura tradicional galega corre o risco de perderse. Como afirmaba Eduardo Galeano *cada vello que morre é unha biblioteca que arde*".

Recollendo ese apelo, o Arquivo debe xuntar as investigacións de moitos filólogos, antropólogos e investigadores musicais que percorreron de norte a sul o país cos seus gravadores, mais tamén se plantea a posibilidade de estabelecer unha estreita colaboración con profesores de ensino médio e alumnos. Nun anexo ao proxecto, proponse estabelecer unha ponte entre a investigación e a escola á hora de recoller a cultura popular de tradición oral.

A meio da utilización dos Centros de Recursos, máis de 45 en todo o país, procurariase abrir unha canle de participación e criación, directamente relacionada cos currículos esixidos nos programas pero de maneira que se estabelecera un vencello entre ensinantes, estudantes e investigadores. Na proposta de Monxardin, que titula "As palabras que non queremos que leve o vento", estabelécense os critérios de *que* e *como* facer a recollida. Desde os aspectos técnicos até a escolla dos interlocutores en función da sua capacidade de narrar, (memória, lucidez e precisión terminolóxica); as características dos entrevistadores, o tratamento das cintas, e o que é moi importante, a elaboración dos ficheiros, un dos aspectos que se queren coidar singularmente no Arquivo Sonoro e tamén no funcionamento desta experiéncia escolar.

Actualmente xa hai escollidos dez centros piloto, distribuidos por toda Galiza, que poderian comezar o seu traballo neste mesmo curso. A guia de material a recoller é moi ampla: cantigas de berce, adiviñas e contos, trabalínguas, cantigas, xogos, lendas, romances, refrans, expresións, ditos e frases feitas e recordos da história: as guerras, a época do agrarismo, a sega, a represión ou as primeiras emigracións. ♦

Ramón Pernas, director editorial de Espasa-Calpe

'O libro é un produto en retroceso'

■ MICKY BERTOJO

Director editorial de Espasa-Calpe, desde hai sete anos, este galego de Viveiro exerceu aos seus 39 anos diferentes ofícios. Xornalista e sociólogo, escritor de poesia e autor con José Mario Armero dun libro sobre o circo —"Cen anos de história do circo en España"—, debulla nesta conversa alguns dos retos que a actividade editorial ten por diante.

Todo está nos libros?

Nos libros está a vida, está tamén a máxia, a ledicia de leer —que di Carlos Casares; a mesma razón da existéncia, en moitos casos. Os libros dannos a posibilidade de facernos ceibes. Máis libros, máis liberdade.

Máis que un amigo é unha agulla de marear, a rosa dos ventos... É escola da tolerância, un xeito de interpretar a vida cunhas pautas moi por riba do cotián, da mesquindade de todos os dias e todos os países, que nos redime como indivíduos.

Os que estivemos comprometidos cunha transformación da sociedade —quizá dun xeito erróneo, non sei, ainda que, en calquer caso, intensamente—, sempre pensámos que o noso destino tiña que estar perto da cultura, entendida como a grande cultura que fai aos homes máis ceibes, e facendo un traballo idóneo de selección de textos. Penso que conquerin chegar a unha das metas vitais que tiña previstas.

De Guttenberg a MacLuhan. Que pode dicer sobre esa forma de apresentar unha polémica?

Mac Luhan existe porque existe Guttenberg. Se nun princípio foi o verbo, nun princípio foi a imprensa. O mundo de Guttenberg era moito máis pequeno, tiña estrelas, non tiña galáxias. O tempo medía por eras históricas. O Renacimento —que desgraciadamente non chegou a España— chegou case até a publicación da Enciclopédia e a Revolución Francesa: os libros duraban xeracións, eran un instrumento de poder, obxectos pouco accesíbeis. Por iso, os homes da Ilustración tiñan instrumentos para cambiar as cousas do seu entorno.

Dende Guttenberg a MacLuhan a aldea medrou, fíxose global e interdependente. Isto ten moitas avantaxes, mais tamén, grandes inconvenientes. O máis grande deles é a manipulación do home. Os grandes instrumentos de comunicación serven, teoricamente, para liberar aos indivíduos e aos povos das grandes taras culturais, sociais e políticas; mais, moitas das veces, empréganse para todo o contrário: hai máquinas macluhianas absolutamente alineantes. A televisión, por exemplo, é un instrumento a prol do home —a nivel teórico—, ainda que case sempre é o seu inimigo. É unha máquina de criar opinións nas mans de quen ten a sua financiación.

O futuro do libro e do soporte escrito en xeral?

O home dispón cada vez máis de menos tempo. Ó ocio tense reconvertido a novas atitudes persoais. Os níveis de lectura en Ocidente son cada vez menores e hai dados obxectivos que testifican esta tese. O libro é un produto en retroceso, somente salvado pola obrigatoriedade dos textos escolares, as leituras recomendadas, ou atitudes estéticas pequeno-burguesas que supoñen mercar para encher espazos valeiros en salóns. Por outra banda, non está de máis mercar, algun dia alguén lerá estes libros.

É dramático que para vender libros clásicos —por exemplo, a colección Austral, Penguin ou Pléiade no extranxeiro— haxa que incluir prólogos, xa que os rapaces len as introducións e os prólogos, e omiten o texto de referéncia. Nós temos a experiéncia concreta coa colección Austral desta inclusión, xa que do contrário perdiamos cuota de mercado. Que quer dicer isto? Que os rapaces e a xente nova en período escolar "pasan" bastante de libros. Fora deste período, a xente adica un 38% do seu tempo de ócio disponíbel —son cifras do Estado español— a ver a televisión. A televisión é o inimigo do libro. Todos os intentos de soporte libro via magnética, cabo ou sinal televisivo frustráronse en España. Hoxe en dia, teñen desaparecido da televisión pública os programas culturais estrictos. Nas televisións privadas, son case marxinais e en horários case imposíbeis.

Coa salvedade de certas actuacións culturais via mecenazgo na edición de libros singulares que recebes se estás nos listados, pero que tampouco se len—, vexo o futuro do libro como soporte papel bastante escuro. A sua producción iráse reducindo e, ao remate, pasará como na película aquela de Farenheit 451: cada un seá un libro e vivirá nunha illa.

As outras linguas

"Cada país debe ter o seu aparato editorial, como ten o seu aparato plástico ou teatral. Por outra banda, pódese concebir tamén como un negócio desde as grandes editoriais non autóctonas: un negócio editorial de línguas do estado. A razón é ben sinxela: cada comunidade ou nacionalidade ten o seu próprio boletín oficial —o D.O.G., no caso galego— que permite a edición en língua galega de libros que unha grande editorial pode imprimir. Se o boletin di que un libro do meu fondo, por exemplo, é recomendábel para todos os rapaces en idade escolar, eu vou vender entre 40.000 e 50.000 exemplares. As grandes editoriais estatais teñen a obriga de "resgatar" aqueles autores cun nível de calidad suficiente, para que o resto dos países do estado os podan ler nunha língua comun. Desde o meu posto, fixen isto con xente pouco coñecida no resto do estado: Ánxel Fole —a sua antoloxia "Contos para ler no inverno", resultou un espectacular éxito de vendas: duas edicións de 15.00 exemplares, todo un *best-seller*—, Dieste ou Blanco Amor.

O seguinte é Casares. Outras editoriais están a facelo con Conde ou manuel Rivas.

Non se lle pode furtar ao leitor médio español a ledícia destes autores. Insisto en cada país deber ter a sua própria indústria cultural, o que inclue importantes editoriais. Agora mesmo non é un mal momento editorial na Galiza: Xerais, Galaxia, mesmo A Nosa Terra e outras, están a facer un abo labor neste senso. Todos os cidadáns deberian ter na sua casa polo menos un tércio da sua oferta editorial en galego.

Hai lugar nas grandes editoriais para os novos autores?

Os níveis de calidade e autoesixéncia teñen baixado moitísimo. Podo contar duas anédotas, unha de vellos e outra de novos. No ano 1989, habia 50 anos do remate da Guerra Civil, somente nesta editorial recebéronse 1.600 orixinais de protagonistas directos da contenda. Só un tivo un nível de calidade aceitábel. Sobre os novos recebemos —entre concursos que estabelecemos, Prémio Andalucia de novela, Premio Espasa de ensaio..., e o tráfego habitual de obras —en torno aos 4.000 orixinais por ano, completamente espontáneos. Se en toda España hai 40 editoriais con capacidade de editar, podes imaxinar a cifra.

Que denota isto? Que existe unha grafomania brutal neste país. Pénsase que escreber un libro ou pintar un cadro está ao alcance de calquer. Está ben que a xente escreba, pero estaria moito mellor que a xente se propuxese certos níveis de exisséncia persoal. Podo dicer que o primeiro dos critérios correctamente, as frases ben construídas, que non haxa faltas de ortografia... Conquerir un texto máis ou menos impecábel é hoxe francamente difícil.

Penso, tamén, que hai unha grande crise de criación. Vale un pouco todo. Isto teñoo denunciado nalgunhas entrevistas na Galiza: escreber en galego non é un motivo para escreber ben. O mesmo en francés ou na língua que sexa. A xente le pouco, ten escasa bagaxe cultural; quer ser autor desde o primeiro texto, rompe poucas cousas, non tacha nada... Isto ten xerado unha nómina de escritores, tanto oficiais como por libre, brutal, e que non van pasar á história, xa que non deixan unha obra definitiva ou suficientemente interesante como para ser traducida a outras línguas.

O mercado é sábio e o público non se equivoca. A cousa está clara nos controles reais de tiradas. Falase de 4.000 exemplares como dun *best seller*: eu vendo anualmente 1.000.000 de exemplares de Valle Inclán o de Buero Vallejo, que non aparecen nas listas. ♦

O circo é unha causa perdida

Eu vexo o circo como algo romántico, inicial; participo con Rilke cando di que a infáncia e a vellez son a verdadeira pátria do home. Durante unha etapa importante da miña vida, e risistinme a madura, a facerme adulto —o chamado princípio de Peter Pan. Busquei algo entón que me illase de facerme home, de competir... Ese algo foi o circo.

Recordo os circos que chegaban ao meu povo nos dias grises do longuísimo inverno galego, pintando a crua estación de cores coa sua carpa; os seus animais, razas diferentes, a sua megafonia...

Todo un mundo máxico. Sobretodo, gardo unha certa lembranza do cheiro e as cores dos carteis pegados nas paredes: o horizonte de todos os dias aparecia, de súpeto, pintado de máxia.

Ese foi o meu primeiro contacto co circo, un contacto tipicamente infantil. Cando estudaba socioloxia, intereseime, moi especialmente, nos grupos endogámicos: os xinatos —húngaros ou maxiares—, a estrutura do espectáculo menor, o xénero ínfimo; os saltimbánquis, os titiriteiros... Todos os fenómenos comprendidos nun certo espectáculo máis ben rural, mísero e primário, até chegar ao circo como o elemento vencellante de todas estas artes menores e dispersas. Pois ben, especialiceime un pouco neste anceio, nesta particular paixón, traballei e fixen ensaios en revistas técnicas especializadas de socioloxia. Basicamente, fíxenme amigo do circo e dos artistas anónimos que fan todos os dias duas funcións de povo en povo, de vila en vila.

Ainda hoxe sigo vencellado ao circo dun xeito moi directo: pertenzco a organizacións relacionadas co circo e son medalla de ouro do circo español, unha iniciativa dos mesmos empresários circenses. Defendin lexislacións aplicadas ao circo: seguridade social, a obriga de ter unha escola —para que os rapaces do circo chegasen a ter unha educación semellante á dos rapaces normais, polo que conquerimos de Educación escolas ambulantes multilingüísticas. Do que se trata é de sacar ao circo da marxinalidade en que se atopa, e presentalo ao público como un espectáculo normal. Hoxe por hoxe, hai tempadas de circo en moitas cidades grácias a xente coma min —a verdade que moi poucos, ainda que moi teimudos— traballan para que isto sexa realidade. É unha causa perdida, polo tanto, é unha causa boa. ♦

LIBROS

Crítica da visión galega da traxédia

Un libro da catalana Mª José Ragué

A traxédia clásica, a que nos deixaron os gregos, afirma que a necesidade é cega. Contra iso, contra esa afirmación, se levantaron os cristianos... e os marxistas. Uns e outros loitaron con todas as suas forzas contra a conceición pagana —xa que logo, tráxica— da vida. Con distintas armas e cos diversos fins, mais contra un inimigo comun: a traxédia. A traxédia, que hai tempo —se temos de crer a George Steiner, *A morte da traxédia*— desapareceu, xa non existe. E el é posíbel que despois de millóns de mortos e asasinados en guerras mundiais e parciais durante o século XX, será posíbel que despois das guerras de extermínio que se sucederon durante este século non poida haber traxédia —en termos teatrais, se entende? Quizá non?

Steiner, no devandito libro explica as causas da sua desaparición; causas voluntaristas, en verdade. Quer dicer, ideolóxicas. Segundo o grande crítico suízo, "o teatro clásico afírmanos que as esferas da razón, a orde e a xustiza son terriblemente limitadas e que nengun progreso científico ou técnico extenderá os seus domínios". Isto non pode aceitalo nengunha ideoloxia que se teña por progresista ou humanista, mais ben todo o contrário. O cristianismo, por outra parte, non pode aceitar que o home sexa ennobrecido polo rencor vingativo e pola inxustiza dos deuses, tal e como acontece na traxédia. Por outra banda, nen o cristianismo, nen o marxismo ou calquer ideoloxia progresista poden aceitar o "mito" que é a base das traxédias gregas.

Mais tanto cristianos, como marxistas, como progresistas usan do mito grego, dos personaxes da traxédia grega en obras teatrais. Os personaxes e os temas da traxédia grega son base de múltiples obras teatrais de todos os tempos e lugares de occidente. E na Galiza non se podia ser menos. Sobre **Los personajes y temas de la tragedia griega en el teatro gallego contemporáneo** remata de dar ao prelo un libro Ediciós do Castro, da autoria da escritora catalana María José Ragué-Arias.

O traballo da crítica catalana, que por razóns temporais non inclue a *Antígona* de Maria Xosé Queizán (unha interesante reseña sobre esta obra teatral pódese ler no nº 110 de "Grial", asinada por Mª Pilar Garcia Negro), estuda e valora diversas obras teatrais de autores galegos que se basean en temas e personaxes da traxédia graga. De primeiras comprirá matizar que a autora fai a sua análise a partir das obras escritas, algunhas delas inéditas. A maioría nunca foron representadas e case todas (fora unh ou duas) son irrepresentábeis.

Despois de informar sobre os mitos gregos e a sua transmisión até o teatro galego contemporáneo, Maria José Ragué comeza a analisar por personaxes e temas: Antigona, Iocasta e Edipo. Obras de Manuel Maria, de Ánxeles Penas, de Rodriguez Pampín e de Manuel Lorenzo. Todas as obras destes autores intentan unha "revisión" dos personaxes clásicos e dos temas. A verdade é que despois de ler a análise da crítica catalana, a impresión que tirará o leitor é que as "adaptacións" e/ou "revisións" dos autores galegos destes mitos son ben pobres. Quizais por descoñecimento da traxédia clásica moitas veces, outras porque a ideoloxia progresista que atravesa a maioria destas pezas traincionan o espírito do orixinal e a proposta teatral do autor galego non é nin iso.

O mesmo pasa cos outros temas e personaxes que vai analisando, de vagar mais sen muita extensión, María José Ragué. Asi a revisión que de Alcestes fai Rodríguez Pampín, dinos a autora, é unha visión cristiana da defensa da unión familiar (cando na traxédia grega, precisamente, a traxédia se desencadea no "núcleo" familiar). A ideoloxia cristiana de R. Pampín non podia tirar máis que unha conclusión completamente diferente —e en todo contrária— á traxedia grega. O mesmo acontece, por exemplo, con *Media dos fuxidos*, de Manuel Lourenzo, onde a simbolixia política —que lonxe estamos xa dos gregos— remata por facer desaparecer o que podia ser traxédia para se converter en pura alegoria. Non o di Maria José Ragué, albíscase logo de ler a sua análise.

Análise de obras galegas que a autora compara con outras baseadas nos mesmos personaxes e temas escritas en español e catalán, para tirar a conclusión xeral de que aló onde non hai liberdade, os dramaturgos usan destes temas e personaxes de forma alegórica, "con connotacións habitualmente progresistas"; que é un modo como calquer outro de traicionar a traxédia grega.

Ás veces, algunha que outra conclusión parécenos dabondo discutíbel, como o que di sobre A. Cunqueiro e o seu Orestes e "A noite vai coma un río". Con todo, esta é a máis interesante parte do libro, xa que en Cunqueiro, ao contrário dos outros autores estudiados, podemos alviscar personaxes, mentres nas outras obras só ouvimos voces.

Mais despois de ler o libro da Ragué, outras conclusións —non tiradas por ela, pois non era ese o tema do seu estudo— impóñense: estas obras galegas demostran que se para os gregos a política era a tradución da retórica en acción, para os "dramaturgos" galegos a acción teatral continua a ser pura retórica. Quizá lles falle aos nosos autores teatrais a ambición de todo grande dramaturgo: a búsqueda dun público. Mentres tanto, o teatro galego continua a ser irrepresentado e, o que é peor, irrepresentábel. E o querer revisar aos clásicos, non é mellor camiño.

Los personajes y temas de la tragedia griega en el teatro gallego contemporáneo é un bon estudo; o problema —repitámolo— é que a base do traballo é penosa e como tal o libro non pode dar máis do que dá, ben que lle notamos na bibliografia xeral os estudos de G. Steiner sobre *Antigona* e *A morte da traxédia*, dous volumens fundamentais para achegarse á traxédia. ♦

XGG

Ética e política,

A sombra de Maquiavelo

O desenrolo parlamentário e o funcionamento dos tres poderes nas democrácias capitalistas é obxecto de preocupación. Inquieta o efecto devastador da política económica especialmente no 3º mundo. Desalenta aos reformistas a corrupción tan extendida na "clase política" destes réximens, corrupción inherente aos réximens autoritários, que deberia ser evitada nas democrácias.

Esta é a atmósfera que envolve as pescudas de Norbert Bilbeny no seu ensaio *L 'ombra de Maquiavel*, prologado por Joan Fuster. Tres capítulos, escritos con axilidade e rapidez mentais, sérvenlle para tecer unha análise aguda do seguinte : o debate entre ética e política, a figura do político ético e por qué unha política ética.



N. Bilbeny advirte das interrrelacións entre ética, relixión e política. Son tres esferas secantes, con espácios comuns, pero con outros específicos. Espácios própios, si, pero nunca "inconpatíbeis": "Non hai unha contradicción invariábel entre ética e política. Pero non é raro ouvir dicir ao político que a ética pertenece á utopia. Ou escoitar do moralista que a política é do mesmo mundo que o crimen e a estafa. En todo caso, se acepta que o bon político non é unha persoa de princípios, senón de acción. Valentin Almirall, Pi i Margall, ou se queredes Julio Anguita, non serian bons políticos, como todos os da línea de Robepierre -O Incorruptíbel- de quen dixera Danton que non sabia fretir un ovo. Serian bons políticos Cambó, Pujol o Rafael Ribó, da raza, polo contrário , de Mirabeau"(p.20).

O capítulo 1º consegue un alto interés cando Bilbeny contrapón as teorias de **Popper, Aron, Hart e Bobbio**, entre outros, a prol do positivismo político coas de **Fuller, Dworkin, Rawls e Habermas,** defensores da intersección entre a política e a ética, da necedidade actual dunha reforma política e ética.

Bilbeny compara as características da esfera política coas da esfera ética. Aquelas, a atención aos feitos, o senso de loita, do poder, da negociacón, fronte as da ética: valoración das actitudes, do desinterés, da non violéncia, da xustiza e ,en xeral, dos princípios. Resulta fácil observar as instersecciónsmútuas e comprobar a valentia do retrato do político ideal que apresenta Bilbeny no capítulo II.

O ensaio de N. Bilbeny cae nun terreo necesitado destes debates: a obstinación en denigrar os políticos por parte de sectores anteriormente moi ligados ao poder e de outros de talante "idealista" está a pedir unha resposta elaborada, como a de Bilbeny, desde a mellor filosofia e o senso do realismo: "Non é ético, en primeiro lugar, que o político se ocupe do ben moral dos cidadáns. Isto compete únicamente a nós.

Asi, actuar por a "felicidade" dos cidadáns é unha intromisión na sua liberdade. E a eles aos que compete procurala ou non, —se poden-..O político que quere gobernar segundo todo o noso ben moral, cae no peor dos "paternalismos": o paternalismo legal"(p.50).

Entre as virtudes do político, Bilbeny enumera : o respeto da lei segundo o que se medirá a sua "talla moral". Deberá ser un "criador de liberdade", un garante da xustiza e un inspirador da solidaridade.

"E posíbel gañar unha elección sen facer caso dos requisitos éticos da política. Pero seguramente ben poucas veces máis. Nixon non se recuperou do Watergate; nen Giscard d`Estaing, ao que parece, do affaire que o ligaba a uns diamantes. Ao noso político moral de ficción, a ética non lle axudará positivamente a gañar as eleccións. Pero non é verdade que contribua a que as perda. Tarde ou cedo traerálle algun proveito. Non manchar as mans é un deber e agora un capital político" (p.66). ♦

FRANCISCO CARBALLO

Norbert Bilbeny, L`OMBRA DE MAQUIAVEL, Etica e política, Badalona, 1991, LLibres de l`Index, S.A. pp.80

Taller en Galicia sobre

TÉCNICAS DE ESCRITURA DE GUIÓN DE CINE E T.V.

Dirixido por:
Xan Carlos Pérez Leira

Informes e inscripcións:
☎ 27 73 42 - Vigo

Barricada Internacional

EDICIÓN ESPECIAL

I Congreso da FSLN

Cos documentos e resolución íntegras análises, debates votacións, etc

Soliciteas ao (93) 421 83 92

NUEVA TROVA CUBANA

Lázaro Garcia

Sempre será o amor

31 de Outubro ás 20,30 horas.
Ateneo de Redondela

XIRA POR GALICIA

Promove: PROARTE Colabora: Asociación Amistade Galego-Cubana

Violéncia e história na Galiza do século XV

Desde o albor da humanidade a violéncia acompaña a homes e mulleres que viven en sociedade. Ás veces empregouna unha persoa ou unha minoria, outras a maioria sobre as minorias, mais de certo foi sempre un meio ao que recorreron os uns e os outros. Unhas veces aboia con forza, outras fica esparexida ou equilibrada na sua utilización por parte de diferentes grupos. Antropoloxicamente quizá sexa un remanecer de pretéritas épocas no proceso de hominización e socialización que chega até o presente. Porén a violéncia non parece minguar co paso do tempo!

Unha mostra desa constante presenza da violéncia no devir humano témola ao final da Idade Média galega, con situacións arrepiantes nalgunha ocasión. Relatos amiudados chegaron até nós dando conta do grau de tensión acadado. O século XV coñeceu decotio o asoballamento e a aldraxe, maiormente na acción dos señores feudais, a un nível que chegado un momento non aturaron os grupos sociais subalternos.

Os testemuños do momento son dunha grande viveza. Transcrebamos un par de exemplos, comezando pola tortura, recurso corrente naqueles dias:

"...bido este testigo que un hijo del dicho Suero Gómez de Sotomayor tomara a un onbre de los que alli tenian presos e lo desnudara en carnes y lo atara con una cuerda por debaxo de los braços e lo hechara al rio en el agua diciendole que lc ahogarian si no le daba azienda y aquel dicho hombre que ansi colgaba se quexaba e daba bozes diziendo que no tenia ningunios vienes que por que le mataban ansi e otra bez lo tornaban a echar al rio hasta quel dicho hombre dezia quel daria dos mil maradevis..."

As mortes, os roubos, os secuestros, e as violacións de mulleres constituian outro tipo de agresión: "...ela que tiña as pernas encrusilladas, descobertas, en çima fasta o ventre, ben brancas, et el que pona en ela as pernas e maaos por las abryr et non podía, et porque as non quería abrir, que lle daba bofetadas et ela descabellada, iasendo en terra..."

Estas e outras mostras do uso da forza no s. XV constituen o tema dun pequeno estudo(1), un cento de páxinas, encadrado dentro dos proxectos do departamento de Historia Medieval da universidade compostelá dirixidos a mellor coñecer a mentalidade medieval galega. Repárese nesta obra nas variadas demostracións de forza entre grupos enfrontados: as liortas no seo do estamento señorial, as presións deste sobre a Igrexa, a irada acción dos irmandiños na sua revolta antinobiliar, e a que volveron empregar axiña os señores unha vez restaurado o seu poder, e mesmo a violéncia existente no diferenciado mundo urbano ou dentro da institución familiar.

A conclusión é ben simples, pois as vítimas principais son a xente do común: campesiños, pescadores, camiñantes e artesán. Dentro deles os máis afectados son os máis ricos, polas simples razón de que deles se poderia obter un meirande beneficio. Neste sentido os camiñantes portadores de mercadorias saen especialmente prexudicados.

Tal estado de cousas xerou no povo, segundo o xoven autor deste traballo, a consciéncia de que era "...lexítima toda aquela violencia que tiña como obxectivo a defensa da persoa, dos seus bens, o seu cónxugue e demais familiares ante calquera forza, intimidación ou coacción moral" (p. 100). En tal mentalidade xusticieira baseaba hai pouco C. Barros o desencadeante da revolta irmandiña. De feito xa senténcia o refrán popular que: *Onde forza non hai, dereito se perde*. ♦

M.G. PROBADOS

(1) Lojo Piñeiro, F. A VIOLENCIA NA GALICIA DO SÉCULO XV. Universidade de Santiago 1991. Biblioteca de divulgación.

CINE

Glenn e Venus

Cita con Venus

Hai algunhas películas que existen polos actores, pola capacidade de magnetismo —iso que foi a eséncia do "star system"— entendido este coma a capacidade para atravesar a pantalla e emocionar ou sacudir ao espectador. para os mitómanos producese daquela unha complicidade entre cine e vida: estamos interesados por coñecer máis sobre ese intérprete que pudo devolver a vida a persoaxes case sempre convertidos en tópicos.

Desa capacidade é dona Glenn Close. Actriz madura que comezou unha carreira cinematográfica aos trinta anos —nunha fita insignificante, *O mundo segundo Garp*, basada nunha moi intelixente e divertida novela de John Irving, convertida en non esquecíbel pola sua

Glenn Close e Niels Arestrup.

criación dunha enfermeira rebelde e independente— pero que soubo escoller moi ben os seus papeis, con directores coma Lawrence Kasdam en *Reencontro* e, sobretodo, como a perversa Madame de Merteuil nas *Amizades perigosas*, aquela pracenteira incursión no universo de Cloderlos de Laclos dirixida polo británico Stephen Frears. A composición de Glenn Close naquela película era extraordinária, moi superior á intelixente pero moi calculada feita por John Malkovitch coma Valmont e serviulle para trazar o carácter da "perversa", da "femme fatale" que non ten inconveniente en saltar todos os obstáculos para lograr os seus fins. A confirmación de tal capacidade para a maldade ven confirmada nunha fita tramposa chamada *Atracción fatal*, aquel planfleto disfarzado sobre o sida e o canto á felicidade conxugal *made in Reagan*. Pésie a todos os efectismos do seu director, Adrian Lynne, o mesmo que fixera en *Nove semanas e média* un erotismo sobre o erotismo dos *yuppies*, Glenn Close facia unha nova e extraordinária composición —tan alonxada dos números habituais de Meryl Streep e Jane Fonda, cada vez máis histriónicas e amigas de trucos "actor's studio".

En *Cita con Venus*, Glenn Close pasa do malditismo á bondade do persoaxe. Diva de ópera no médio da representación dun *Tannhauser* wagneriano que se anúncia caótico —a premisa da película fai pensar en máis dunha ocasión en *Ensaio de orquestra*, aquel mediometraxe de Fellini—, a sua presenza servirá, como un talismán para levar a bon termo a representación, amén de propiciar a história de amor lóxica co director da orquestra— interpretado con corrección por Niels Arestrup, máis coñecido pola sua actividade teatral como actor e director, ademais de ser o protagonista de *O futuro é muller* aquela fustrada película de Marco Ferreri que levaba outra deusa dentro, e agora silente Hanna Schygulla.

Detrás de todo o espectáculo, que é moi agradábel de ollar e escoitar entre outras cousas porque a voz lírica da Close é a da exquisita soprano Kiri Te Kanawa, hai dous nomes interesantes: o produtor británico David Puttnan —responsábel de *A misión*, *Greystoke*, e *Carros de fogo*, entre outras— que sempre oferece produtos impecábeis no que todos os elementos, desde a fotografia até o sonido están moi coidados e do director István Szabó, coñecido internacionalmente a raíz de *Mephisto* e de *Coronel Redl*, feitas co outro bon histrión do cine moderno: o austríaco Klaus María Brandauer.

Cita con Venus é unha fita moi agradábel de ollar, sobretodo os amantes da música no que hai un elemento —a presenza de Glenn Close— que serve para xustificar toda a corrección sen xenialidade do produto. ♦

CARLOS AMARO

Moi pronto a segunda edición

Faga xa a sua reserva



PVP: 1.590 pesetas.
Número de páxinas: 288.
Tamaño: 16,5 x 24 cm.

Os pedidos a meio deste boletin terán un desconto do 15%

PAGO DOMICILIADO
(a remeter a *A Nosa Terra* unha vez cuberto)

NOME..... BANCO/CAIXA.....
APELIDOS..... CONTA/LIBRETA.....
ENDEREZO..... TITULAR.....
TELEFONO..... Nº DA SUCURSAL.....
POVOACION..... POVOACIÓN.....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra)

DATA: ATENTAMENTE (Sinatura)

PRÓXIMO VOLUME

OS IRMANDIÑOS
por Anselmo López Carreira

O 5 de Decembro
á venda

POSTMODERNOS E NEOBARROCOS

DÚAS OLLADAS COMPROMETIDAS SOBRE O FUTURO DAS ARTES PLÁSTICAS

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

Non hai moito tempo, nestas mesmas páxinas comentababamos dous textos que coincidían na proclamación da fin das vangardas. Agora dous críticos de arte proporciónannos outras reflexións sobre o estado das artes hoxe desde presupostos radicalmente diferentes(1).

O italiano Angelo Trimarco e o español José Luis Brea son dúas figuras ben coñecidas da crítica comprometida na defensa das últimas e moi controvertidas tendencias nas artes plásticas. Aínda que o primeiro fale do "colapso da vangarda", os dous parecen comparti-la convicción de que esta (a vangarda) ten producido unha fronteira determinante para a creación artística que non é posible traspasar cara atrás. Un índice, entre outros, desta fronteira sería o sen sentido (ou, se se prefire, o carácter "reaccionario") do regreso á pintura, ó cadro como espacio privilexiado de expresión. Para Trimarco, "volver a pintar" é indicio do vacío de significado á que ten chegado certa postmodernidade. Para Brea, o novo aprecio pola "destreza técnico-formal" que caracteriza a certos movementos pictóricos recentes, en especial en España (a "Nova Figuración Madrileña" é o exemplo paradigmático), supón un inaceptable retroceso no desenvolvemento das linguaxes artísticas.

Non se interprete por isto que Trimarco e Brea se constiúen en novos críticos da postmodernidade. Máis ben, hai nos dous un intento —que, adianto, en xeral paréceme serio e valioso, aínda cando en boa medida, non comparta nin os presupostos nin as consecuencias— por encher a esta dos contidos que lle permitan supera-lo seu aspecto máis feble: a tentación do "todo vale". Recoñece-la "fin da modernidade", entendida como fin do proxecto racional ilustrado (Trimarco) implica concluir que "a ausencia dun paradigma" e dun discurso estable é xustamente a condición que caracteriza á *episteme* do noso tempo (Brea). Sen embargo, ámbolos dous resístense a aceptar que disto —que é o núcleo da concepción posmoderna— se conclúa a imposibilidade de articular algún tipo de discurso (sen dúbida inestable, fragmentario, pero discurso á fin) que lexitime, no campo das artes, a posibilidade de establecer xerarquías e valores. Un discurso que, en definitiva, permita o exercicio da crítica.

Non hai identidade nas propostas, pero hai significativas coincidencias. Cando Trimarco fala da crítica como "interpretación e construcción interminables" —posto que é ilusorio aspirar a descifra-lo "sentido" ou "verdade da obra", só posible se se crese na existencia dun derradeiro "significado dominante"—, móvese na mesma dirección que conduce a Brea a afirmar que "(t)oda significación é frotación á deriva, destino infixable", o que implica a quebra definitiva dos paradigmas formalistas e historicistas fundados no suposto dunha "forma xeral do enunciado, dunha sintaxe capaz de asegurar unha validez semántica da relación significante / significado, ou signo / referente". Hai, pois, coincidencia en asentar que a validez da crítica non se pode fundar na pretensión da aprehensión dunhas unidades de significado perfectamente obxectivables ás que a obra de arte sería susceptible de reducción, chámense estas arquetipos jungianos (concluínte a diferenciación de símbolo e arquetipo en Trimarco), estructuras universais ou semellantes categorías con pretensión de valor de verdade definitiva.

Bienal de Pontevedra de 1988. Praia de Cancelas (Perejaume). X. MARRA

A SAÍDA POSTMODERNA DA POSTMODERNIDADE

Agora ben. Trimarco, tras proceder a unha análise (na miña opinión, un tanto confusa) da polémica modernidade-postmodernidade, con especial atención ás posicións adoptadas en Italia, parece derivar cara a unha paradóxica conclusión: os intentos de procurar unha saída da postmodernidade, ou de refunda-lo vello proxecto modernista, conducen inevitablemente á reafirmación do estatuto postmoderno do noso tempo. É o caso, singularmente, do máis teimudo detractor da postmodernidade, o mesmísimo Habermas: "... a loita acometida por Habermas para realiza-lo proxecto moderno, aínda incompleto, vaise transformando, pouco a pouco, nunha tensión extrema por manter con vida a postmodernidade" (p.96).

Tan escandaloso aserto quérese fundamentar na análise dunha figura que encardenaría no seu propio labor creativo (e mesmo teórico, porque se trata dun, hoxe, raro caso de artista teorizador do seu propio traballo) este imposible Habermas postmoderno. As páxinas adicadas ó artista novaiorquino Kosuth son quizais as máis poderosas do texto de Trimarco. Segundo a súa interpretación, a orientación da obra de Kosuth probaría que se está a producir unha inversión da tradicional oposición Europa-América nas artes e na cultura en xeral. Mentres os artistas europeos estaríanse entregando "á deriva do *désir*, e ós vértigos da *différénce*, á fascinación lyotardiana do *dofférned*", son os artistas estadounidenses, outrora representantes do cinismo "superficial e chispeante" (por exemplo: Warhol), os que recuperan a tensión ideolóxica, o compromiso político, a crítica. Por exemplo: Kosuth.

Non sei moi ben en que sostén Trimarco o aserto da maior proximidade de Kosuth a Habermas, que non a Derrida ou Foucault (p. 68). En todo caso, a dirección do seu traballo, tal como nolo amosa o italiano, móvese sen dúbida aínda no espacio da identidade postmoderna. A crítica do "cientifismo" e o "espectáculo" como "as dúas doenzas da modernidade", e a advertencia contra o risco de que a arte na era dos *mass media* se troque en simple entretenemento, apuntan unha dirección superadora dos eclecticismos banalizadores dos peores discursos postmodernos. Como tamén a chamada á recuperación da función crítica das artes e a necesaria tensión ética do labor artístico. Pero inmediatamente se nos aclara que esa tensión ética se circunscribe ó espacio da producción de significados: "En canto artistas o noso deber é claro —afirma o propio Kosuth nunha cita que recolle Trimarco—...: o traballo verdadeiramente creativo depende da capacidade de cambia-lo significado do que vemos..."

ALEGORÍA E NEOBARROCO

É aquí onde claramente a afirmación postmoderna de Trimarco conflúe co neobarroquismo proclamado por Brea. As razóns que este aduce para preferir esta etiqueta para defini-lo espacio artístico da contemporaneidade non obstaculizan a percepción da coincidencia de fondo. Para Brea "a mención" é o falar propio da nosa época; a mención, é dicir, a acción reflexiva da linguaxe sobre si mesma, a apertura de toda linguaxe "cara ó interior da súa propia tradición —ou historia— como linguaxe". E "a alegoria" sería a figura característica desa fala no discurso estético; a alegoría, é dicir (na interpretación que lle atribúe Brea, inspirada en Benjamin), unha forma da representación que non aspira ó peche da relación entre significante e significado, senón que se propón como signo aberto á proxección de múltiples significados. Dado que se afirma que toda linguaxe está en estado barroco cando o alegórico é a forma xeral da representación, queda fundada a atribución da condición neobarroca (no que, por outra parte, Brea segue a Omar Calabrese, *A era neobarroca*, 1987) para o noso tempo.

Trimarco e Brea coinciden, pois, en propugnar unha dirección para as artes asentada na reflexión sobre os propios mecanismos comunicacionais. Non facelo —parecen dicirnos— equivale a recaer no inxenujísmo da represntación naturalista, é dicir, na crenza de que a linguaxe artística (e, por extensión, advírtese doadamente: de calquera outra linguaxe tamén, mesmo a científica) ten a capacidade de significar unha pretendida univocidade do mundo, ou deste ou daquel fenómeno do mundo. Isto conduce a Brea a lanzar unha dura descalificación contra as correntes neofigurativas e mesmo neoformalistas, que el caracteriza de "neoconservadoras". Nun dos dapítulos máis abertamente polémicos (baixo o xa provocador nome de "Patria mía"), arremete contra os entusiasmos polo suposto "éxito español", que el nega, cando menos na medida en que se quere sustentar na pretensión de que os artistas españois están a constituír unha nova vangarda. O alcume de neoconservador é adxudicado non só, como xa apuntamos, á escola neofigurativa madrileña, senón a pintores como Barceló ou Sicilia, erixidos en estandartes da novísima pintura.

E é que xa está dito: pintar, volver ó cadro, á técnica, carece de sentido. O lugar da "radicalidade" para Brea só pode estar no "autocuestionamento da propia actividade discursivo-creadora na súa relación coa organización dos mundos-de-vida e as posibilidades de experiencia dos suxeitos de coñecemento." (p. 74). Esta formulación abstracta —que, sen embargo, para o autor parece delimitar un criterio de demarcación perfectamente aplicable sobre obras de arte, artistas e críticos— concrétase, aparentemente, na aposta por unha fusión de minimalismo, pop e arte conceptual como o territorio de investigación máis productivo nos movementos artísticos contemporáneos. Un dos capítulos sen dúbida máis valiosos é aquel no que recolle o que el chama unha "taxonomía das novas estratexias alegóricas", a través das que repasa nalgúns dos procedementos de representación máis anovadores das correntes artísticas máis recentes.

PREGO FINAL DE DÚBIDAS

Dúas obras, pois, polémicas e cheas dun número de suxerencias que é imposible ter en conta no espacio dun breve artigo. Menos aínda pretender sustentar aquí unha réplica que inevitablemente parecería máis arbitraria que fundada. Non obstante, si quixera deixar constancia de que, malia o recoñecemento do valor destes textos, lonxe da superficial compracencia e do verbalismo vácuo dos máis dos escritos postmodernos no campo da crítica das artes, non me parece que resolvan as limitacións que a esta corrente se lle atribúe. Non creo que as artes teñan esgotado a súa capacidade de producir mensaxes capaces de interrogar abertamente ó mundo, nin creo que o mundo e a vida teñan esgotado os seus potenciais de alimentar novas mensaxes, ata o punto que estas —as mensaxes artísticas— estean obrigadas a trocarse en exercicios metalingüísticos aniquiladores da vella tensión tráxica que foi sempre o máis específico do discurso estético. Non creo que Trimarco nin Brea nos proporcionen referencias sólidas para escapar dos paradoxos e as iconsistencias que caracterizan (e paralizan) as artes dos nosos días: a reducción da obra de arte a mercancía, co seu conseguinte correlato do sometemento ás leis do mercado e perda da súa autonomía; a escisión entre unhas artes masivas convertidas en simples industrias de entretenemento, e outras elitistas só accesibles a un reducido grupo de expertos expedidores de certificados de artistas; a carencia de criterios que permitan discriminar entre a creación trala que hai tensión e compromiso, da que só é hábil producto para o consumo e espectáculo, sexa este de masas aculturizadas, ou de papanatas snobs.

E remato este prego de dúbidas cunha exemplificación coido que aclaradora. Cando Brea advirte que nestes tempos de "opulencia comunicacional" (Calabrese) se corre o risco de caer nunha "economía estúpida do (non) pensamento" está a poñe-lo dedo sobre unha das máis sanguentas chagas. Cando avoga por unha "teoría estética creativa" que evite ser "mera ideoloxía ó servicio da enxeñería da opinión propiciada desde a industria da arte", segue acertando. Pero cando coloca como os tres grandes artistas fundantes da contemporaneidade a Duchamp, Beuys e Warhol, as pezas parecen non encaixar. ¿Warhol e Beuys xuntos? ¿Acaso non representan, tanto nas súas obras como nas súas biografías, dúas actitudes, dous compromisos estéticos radicalmente opostos? ¿Non foi Warhol xustamente o representante máis calificado dese artista cinicamente colocado ó servicio da mercantilización das artes, abertamente defensor da superficialidade (o non pensamento) como único pensamento? Si, no seu capítulo consagrado a Warhol, Brea recúperao polo camiño da alegoría e a ironía. Pero todo ten un límite. Se cadra, a clave está en acertar onde colocar ese límte. A posmodernidade empéñase en situalo no espacio autorreferencial das estructuras da linguaxe, reducindo toda comunicación artística a xogos de humor e figuras alegóricas, e estigmatizando toda outra pretensión cos calificativos de neoconservadores, neoescolásticos ou socioloxistas. Outros aínda cremos que pedir algo máis á linguaxe non é sintoma de dogmatismo ou inxenuísmo. É a condición imprescindible para que a linguaxe chegue efectivamente a darnos algo máis. ♦

(1) Angelo TRIMARCO. Confluencias. Arte y crítica en la posmodernidad. Julio Ollero editor. Instituto de Estética y Teoría de las Artes. Madrid 1991.
José Luis BREA. Nuevas estrategias alegóricas. Ed. Tecnos. Madrid 1991.



LUIS CARBALLO / VIGO

ESTAMOS CONSTRUÍNDO O **PAVILLÓN DE GALICIA** NA **EXPO 92**

Xa estamos en Sevilla construíndo o Pavillón de Galicia. Aquí, na EXPO 92 presentarémo-la Galicia de hoxe. A nosa Industria, o Turismo, a Cultura, a Pesca, o noso Campo ... e sobre todo, o Camiño de Santiago, o noso Xacobeo 93, ese Ano Santo en que millóns de peregrinos nos visitarán.

Galicia prepara xa o seu Xacobeo 93. Aquí en Sevilla pronto verás un avance.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO

Comisionado Director do V Centenario

PATROCINADORES: **CITROEN - FINSA - COREN**

LIBROS

O arco da crise

Neste volume editado por **Revolución** e subtitulado "A orde mundial, os conflitos rexionais e o Golfo Pérsico", Javier Peñas tenta aclarar a história recente e as novas pautas que rexen as relacións internacionais. O arco da crise é o nome que alguns lle dan a esta rexión, que logo dos feitos desatados pola invasión iraqui do Emirato de Kuwait, ainda ten que resolver os seus principais problemas. Para o autor esta crise ten posto de manifesto os grandes cámbios producidos nos dous fenómenos históricos que máis fonda pegada teñen deixado nas relacións internacionais: a guerra fria e a descolonización.



Recuperar a voz

Edicións do Cúmio ven de tirar do prelo unha escolma de artigos do poeta e narrador **Xesus Rábade Paredes**, aparecidos entre 1987 e 1990 no xornal *El Correo Gallego*. Co compromiso co noso idioma como príncipio básico, Xesus Rábade Paredes analisa a situación da nosa língua nas institucións, no ensino, na xustiza, nos meios de comunicación, nos partidos e organizacións políticas, etc... E faino desde quen se achega ao idioma galego coa tripla perspectiva da criación, a didáctica e a crítica literária. ♦

ACTOS

Encontros no Camiño de Santiago

Até o 30 de Novembro celébrase en Santiago unha nova edición dos Encontros organizados pola área de cultura do Concello. *Novas Músicas, Jazz, Música Clásica, Teatro, Artes Plásticas, Músicos no Cine* e *Cineeuropa* son as diferentes propostas destas xornadas.

As actuacións teatrais serán no Principal, o mesmo que o jazz. O Auditório de Galicia albergará os concertos de música clásica e das novas músicas. Os filmes de cine-europa serán no Principal e o Yago simultaneamente, as sesións diárias serán ás 12, 18, 20,30, 22,30 e 00,30 horas e cada película repítese, de xeito que hai várias oportunidades de vela.

O venres **1** proxectarase no Principal *Harry, retrato dun asesino* de John Mac Hughton e *No mellor dos tempos* de Felipe Vega. No cine Yago poderemos ver *Ju Dou* de Zhang Yimou e *Nunca te deites incomodado* de Charles Burnett entre outras. O sábado 2 estarán entre outras no Principal *Daddy Nostalgie* de B. Tavernier e *Santo Sangue* de Jodorowsky. No Yago serán *Dias tranquilos en Clichy* de Chabrol e *O fin da noite* de Keith MacNally, ademais doutros filmes de interese. Nos seguintes dias poderanse ver, entre outras, *Ponte de Varsóvia* de Pere Portabella, *O tormento e o éxtase* de Carol Reed, *O manantio da doncela* de Bergman, *As noivas de Dráculа* de Terence Fisher ou *A muller de Rose Hill* de Alain Tanner. Para máis información a organización editou un programa de man.

Fundación Paideia

Dentro do Ciclo de Conferéncias do Ateneo de Debate desta Fundación terá lugar a conferéncia titulada **Exito e fracaso na Sociedade Contemporánea. (A función do éxito)**. Os conferenciantes serán Maca González, sicóloga, Gerardo Iglesias, político, e Hermínio Barreiro, profesor da Universidade de Santiago. Será o 5 de Novembro no Salón de Actos do Centro Fonseca de A Coruña. O dia 6 nos locais da Fundación, Guillermo Dominguez, Catedrático de Filosofia falará sobre **A escisión Mente-Mundo**.

Actos na Suiza

A **Promoción da Cultura Galega** organiza un Campeonato de Tute, no local social da asociación (Militar Strasse 84-Zurich) As normas e regulamentos



farán-se públicas no taboeiro do bar social. Ademáis organizarase un **Cursiño de Música** aberto para todos os nenos e nenas fillos de sócios e simpatizantes. O curso estará organizado e dirixido polo profesor Xoan González e comprende iniciación ao solfeo e órgano electrónico. Os interesados poden-se inscribir na secretaria da sociedade.

Ecoloxismo hoxe

O dia 8 dentro do Ciclo de conferéncias organizado pola Comisión de Defensa da Biosfera do Clube UNESCO de Vigo falará o doutor en Economia Agrária Joan Martínez Alier sobre **Economia versus Ecoloxia**. Será ás 20 h. no Salón de Actos do BBV, entrada pola rua Colón.

I Xornadas de Meio Ambiente

Entre Outubro deste ano e Xaneiro do 92 celebranse en Sada co título de **A contaminación mariña do litoral galego**. O 31 falará Ricardo Prego, do Centro de Investigacións Pesqueiras de Vigo, o título da conferéncia será **As sales nutrintes das rias galegas. A eutrofización como contaminación do meio**. O dia 8 falará José Mora da Universidade de Santiago, sobre a **Produtividade das rias e efectos da contaminación sobre os bentos.** Estes actos organizados polo Dpto. de Cultivos Mariños do Instituto de Ensino Secundário e Profesional de Sada (A Coruña), terán lugar na Sociedade Recreativa ás 18 h.

David W. Griffith

Seguindo co interesante ciclo que o **Centro Galego das Artes e da Imaxe** está a adicar a este gran director americano poderemos ver os dias 31 de Outubro e 1 de Novembro unha selección de curtametraxes na que se aprécia a revisión dun mesmo recurso, a montaxe en paralelo, cada vez máis sofisticado. Os dias 4 e 5 de Novembro proxectaran-se **Corazón de nai** e **Judith de Betulia** ambas de 1913. Esta última é unha espectacular reconstrución da história bíblica, que se anticipa ao colosalismo italiano e prelúdia o episódio babilónico de **Intoleráncia**. Os dias 6 e 7 proxectara-se **O nacimento deunha nación**, obra clave na história do cine, melodrama situado na Guerra de Secesión americana e as suas consecuéncias. As proxeccións serán ás 20,30 h. na Sala de Proxeccións do C.G.A.I., rua Durán Loriga,10, baixo, A Coruña.

Fiadeiros en Ourense

A Concelleria de Cultura organiza neste mes de Novembro os **III Fiadeiros**. Este ano colabora o Clube A. Bóveda e consistirán na celebración de 4 debates político-culturais e unha série de actividades complementares: orquestras sinfónicas, teatro, ballet, zarzuela, cine, etc. O título xeral do ciclo é **A Nova Europa: Nacionalismos e integración comunitária**. O xoves 7 terá lugar a primeira mesa redonda titulada **Os países do Leste ante Europa**. Os invitados son Roberto Mesa, Manuel Azcárate, Serguei K. Romanovski, Xulio Rios e Enrique Palazuelos. Seguirán novas mesas os dias 14, 21 e 28 de Novembro. Todos os actos terán lugar nos salóns do Liceo Recreo Ourensano, na rua Lamas-Carvajal ás 8 do serán. Os debates serán moderados por coñecidos xornalistas galegos. ♦

CONVOCATÓRIAS

IV Premio de Poesia *Eusebio Lorenzo Baleirón/91*

Concello de Dodro

Bases:

1. O Concello de Dodro, para contribuir á reafirmación da lírica galega, tan importante na história cultural da Galiza, decide criar con carácter anual o Premio de Poesia "Eusébio Lorenzo Baleirón".

2. Poderán concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estexan escritas en língua galega. Os poetas deberan presentar un **libro de versos** de tema e forma libres. Os libros de versos que se presenten ao Prémio "Eusébio Lorenzo Baleirón" cunha extensión mínima de **400 versos, deberán ser inéditos.**

O autor garantirá esta circunstáncia no caso de resultar gañador.

3. Os autores dos libros de versos participantes deberán enviar 4 exemplares das obras escritos a máquina, sen remite identificador, ao seguinte endereZo:

As obras concursantes deberán ostentar un lema, que tamén figurará no exterior da plica onde se incluirán os datos persoais, enderezo e teléfono. O prazo de presentación das obras remata o 30 de novembro.

4. A dotación do Premio "Eusebio Lorenzo Baleirón" único e indivisilbe será de 200.000 pesetas. Se a falta de calidade dos libros presentados así o requerise, o Xurado poderá declarar deserto o Premio.

5. O Xurado será designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vencelladas á poesía e á crítica literaria. O Concello de Dodró elixirá directamente ó Presidente do Xurado. Un membro da Corporación Municipal actuará como Secretario sen voz nin voto. A composición do Xurado faráse pública antes de concluilo mes de novembro. O fallo será dado a coñecer nun acato que se celebrará na Casa da Cultura do Concello de Dodro na última quincena do mes de Decembro. A entrega do premio realizaráse no último domingo do mencionado mes.

6. O Concello de Dodro resérvase a publicación da obra galardonada. A partir da segunda edición, a obra premiada pasa a ser propiedade do seu autor, que, nas sucesivas edicións, deberá facer consta-la condición de Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" do Concello de Dodro. As obras non premiadas devolveránse ós seus autores, sempre que así o soliciten no prazo dun mes a contar da data do fallo do Xurado.

7. A intepretación das presentes Bases corresponde únicamente ó Xurado. Polo feito de participar no Premio de Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón", cada autor comprométese a acatalas, sen menoscabo do que prescriban as leis vixentes.

I Xuntanza Xeracional

O sábado 2 de Novembro terá lugar en Agolada a primeira Xuntanza de viciños que foron nenos nos anos 50 e mozos nos 60. Haberá diversos actos: ás 11 da mañá inauguración da I Mostra Fotográfica, con fondos donados polos asistentes, que conformarán unha mostra foto-biográfica desta xeración. Tamén se fará entrega do Pendello de Pedra ao viciño de máis idade da vila, esto será na Casa da Cultura. Ás 17 h. percorrido pola história da vila, saida desde a Casa da Cultura até o Castro Marcellín.

Conferencia na Casa da Cultura a cargo de Fernando Acuña Castroviejo, Catedrático de Arqueoloxia da Universidade de Santiago. As 19 h. terá lugar un Concerto a cargo do Trio de vento Assai. Despois dunha cea conxunta haberá queimada no Pendello do Mato, con tertúlia e música da época, e seguirá-se até que o corpo ature.

Arquivo Sonoro da Galiza

A constitución dun arquivo sonoro que recolla con amplitude a cultura oral do país, sexa tradicional ou culta, é necesária para conservarmos a nosa memória histórica. Para eso o **Consello da Cultura Galega** ten-se proposto criar este arquivo, que se encargará de recopilar os materiais, organizar e conservar os fondos e polos a disposición dos investigadores e persoas interesadas. Para información e contactos: Tlfs (981) 58 80 88 e 58 97 09. Fax 58 86 99. Apdo 773 de Santiago de Compostela. ♦

ANÚNCIOS DE BALDE

Mestre de EXB **busca traballo relacionado co ensino, editoriais, librarias, vendedor...** Apartado nº 42 (Ordes-15680)

Se queres construir a Paz e rematar cos exércitos (ou información sobre a obxeción e a insubmisión), une-te e colabora co **Colectivo de Estudantes Antimilitaristas.** Reunimo-nos todos os martes ás 20 h. na Aula 9 da Faculdade de História de Santiago de Compostela.

O Colectivo de Educación Médio-Ambiental comezou o **28 de Outubro** o I Curso de **encadernación artística**, dirixido a quen desexa afondar nos coñecimentos da encadernación e durante 7 meses. Para máis información achegarse ao local de CEM, situado na Rua Laracha 10-Sótano, na Coruña, ou chamar ao (981) 26-56-40.

Solteiro, empezando década dos 40, física, cultural e económicamente normal, **desexa coñecer muller**, até 40 anos,libre e de parecidas características. Apartado de Correos 451. Lugo.

A **Asociación Anti-Patriarcal** anúncia para os dias 1, 2 e 3 de Novembro o seu terceiro Encontro asembleário, que terá lugar en Donostia (Guipuzkoa). Para máis información ou confirmar asisténcia chamar os venres pola tarde e sábado pola mañán aos teléfonos (943) 21 06 99 (Montse) ou (943) 27 00 16 (Ana).

O Centro Xoven de Anticoncepción e Sexualidade abriu as suas portas o pasado 1 de Outubro, na rua da Espiñeira, 10-baixo (Santiago). Darase **información e asesoramento sobre temas de sexualidade** a todos os xoves galegos menores de vinte anos de xeito gratuito e confidencial. O horário é de luns a venres de 16 a 21 horas. Ao tempo funcionará un teléfono de información (981) 59 42 52, con horário de sábados incluidos, tamén de 16 a 21 h. ♦

EXPOSICIÓNS

Antón Lamazares

Na Galeria Citania de Compostela, até o 31 de Outubro. Rua da Rosa, 22. De 18 a 21 h.

Teresa Gómez

Na Galeria Sargadelos de Compostela, exposición desta artista de Lugo, a medio camiño entre a cerámica e a escultura. Estará aberta até o 9 de Novembro. Rúa Nova, 16. Compostela.

Javier Herranz

Na Galeria Ad Hoc están expostas desde o 24 de Outubro os traballos de este artista. Pode-se visitar desde as 20h , rúa Areal,18- 1 Ofic.8.Vigo.

Mostra do Sahara

Do 2 ao 13 de Novembro na Casa das Artes e da História de Vigo podera-se ver unha mostra de pintura, fotografia, diapositivas, vídeos e música que xurdiu da participación galega na **II Caravana pola Paz** no deserto en solidariedade co Povo Saharaui, que será o destinatário dos fondos que se acaden. Os 30 óleos expostos naceron en Xuño deste ano na vila de Smara nos campamentos de refuxiados saharauis perto de Tinduf (Alxéria). Haberá conferéncias sobre a situación actual do povo saharaui e poderá-se ver unha Haima (tenda nómada) cedida polo Museo Nacional de Etnoloxia.

Diego de Giráldez

Na Casa da Cultura de Cangas exposición de óleos deste artista, co nome xenérico de **Realismo Nas**. Aberta até o 31 de Outubro. ♦

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE CULTURA E XUVENTUDE

A NOSA TERRA

ANO XIV • 31 DE OUTUBRO • 1991 — Nº 495 • APDO. 1371 (VIGO)

IDEAS



A foto, publicada polo xornal británico *The Independent*, demonstrou a existéncia de submariños ao carón de pesqueiros, desmentindo asi a información da Armada.

Son as águas onde se afundiu o *Frank C*

Submarinos da OTAN poden ser os responsábeis da desaparición dos 23 pesqueiros no mar de Irlanda

MANUEL VILAR

Agora que o temporal volveu azoutar as costas galegas e o mar sega as vidas dos mariñeiros, a Costa da Morte tristemente está, máis unha vez, de actualidade e os xornais españois enchen páxinas con "exóticos" comentários sobre mulleres enloitadas ollando o mar.

Pero nada din da inexisténcia de medidas de salvamento, de que en toda a ria de Camariñas non haxa unha só lancha de salvamento e, nen tan sequer, unha só ambulância en terra, cando o hospital máis perto fica a 80 Km.

Pero eu non queria falar aquí da Costa da Morte, senón da "outra" costa da morte na que tamén faenan e morren mariñeiros galegos como os do Frank C pero que non ten o exotismo da costa fisterrá, mais ten unha elevada cifra de barcos afundidos e mariñeiros desaparecidos.

Falo do mar entre a Gran Bretaña e Irlanda, o mar que vai desde o Fisterra córnico até as illas Hébridas ali onde se afundiu o Frank C, mar que recebe varios nomes: mar Céltico, mar de Irlanda, canal do Norte.

Submariños asasinos axexan no mar de Irlanda

As águas do mar de Irlanda son usadas polos submariños da OTAN, especialmente polos americanos e ingleses, para entrar e sair das suas bases na costa escocesa do Clyde, onde está situada a maior base de submariños americanos fóra do Estados Unidos (Holy Loch, curioso nome para unha base militar) e, tamén, as bases de submariños da marina británica (Faslane), co que o tráfego desas máquinas de guerra é constante por este mar xa de por si transitado dabondo. Tamén estas águas son utilizadas para as manobras da OTAN, co que se incrementa o tránsito de submariños. Estas manobras non son nunca anunciadas con antelación.

Estes acontecimentos levou aos membros da Liga Céltica, unha asociación que ten por fin "apoiar, por meios pacificos, a loita das nacións celtas, Escócia, Bretaña, Cornualles, Gales, Irlanda e Illa de Man, para conquerir a liberdade política, cultural, social e económica que precisan para a subrevivéncia e desenvolvimento como comunidades diferenciadas, a iniciar unha campaña no ano 79 para protestar pola gran infestación de submariños que sofre o mar de Irlanda. A campaña chegou ao seu cume no ano 82 cando un membro da liga na illa de Man pudo fotografar un submariño británico navegando en superfície no momento en que pasaba ao lado un pesqueiro. Ese dia un pesqueiro irlandés desapareceu a tan só 10 millas da illa de Man. Ao dia seguinte a mariña británica anunciou que durante duas semanas non houbera ningún submarino na área. Ante a evidéncia fotográfica a mariña tivo que rectificar e seis anos despois tivo que indenizar aos sobreviventes.

A Liga Céltica fixo pública unha lista de 80 incidentes ocorridos na última década, nos que desapareceron 23 barcos cuns 100 mariñeiros en circunstáncias sospeitosas, nas que os submariños da OTAN parecen ser os responsábeis. O último afundimento, do que eu teña notícia, ocorreu en Novembro do 90, no que un pesqueiro escocés foi afundido perto da illa de Arrán polo submariño británico HMS TRenchant (no Reino Unido os barcos como as prisións pertencen á sua maxestade, HM) e nel ian catro mariñeiros que desapareceron. Esta foi unha das raras ocasións nos que a mariña británica recoñeceu a sua participación no afundimento do pesqueiro, debido en parte ao malestar e protestas dos mariñeiros da costa oeste de Escócia. Mais o normal é, tamén, que os submariños, cando levan por diante a un pesqueiro, nunca deteñen a sua marcha para socorrer aos mariñeiros.

O problema é moi grave e os mariñeiros chámanlle xa ao mar de Irlanda o "calexón da Morte".

Un Chernóbil pode ocorrer en calquer momento

Pero o perigo non é só para os pescadores, ainda que de momento son os máis afectados. O perigo é, tamén, para outros barcos que usan esta rota. Son vários os iates e veleiros que se viron envoltos en incidentes con submariños, ainda que logo declaren que foi debido a unha "inesperada e surprendente onda". Entre os que tamén se viron surprendidos por unha "onda" están catro membros dun iate pertencente á mariña británica e que facian traballos de espionaxe relacionados coa guerra no norte de Irlanda.

Pero se temos en conta que vários destes submariños son de propulsión nuclear o perigo dun novo Chernóbil durme baixo as ondas do mar de Irlanda, ao que hai que engadir a central nuclear de Sellafield, co que resulta ser o mar máis radiactivo do mundo.

En 1989 o governo americano recoñeceu que os seus submariños nucleares víronse envoltos, desde 1983, en 42 colisións fóra das águas norte-americanas e un xornalista americano demonstrou que 18 delas ocorreron nas costas británicas nos últimos dez anos.

Pero a campaña dos membros da Liga Céltica non remata aqui coa denúncia pública destes incidentes. Opóñense á instalación de novas nucleares e a reparación das vellas situadas na costa de Gales e Norte de Inglaterra. Opóñense, tamén, á presenza de campos de treinamento para a aviación, onde os avións ingleses e americanos pratican o tiro con voos rasantes. Os membros da liga pensan que no panorama actual europeu a OTAN vai deixar de utilizar campos de manobras en áreas con problemas ou cerca deles para concentrarse en áreas do norte de Gales, illa de man, Escócia e o mar de Irlanda.

Ante esta situación o governo británico empezou a utilizar unha política de talonário de cheques. A sua verdadeira intención non é, realmente, indenizar aos afectados senón conquerir que o *lobby* da pesca non sexa atraído pola Liga Céltica, os movimentos pacifistas e os partidos que se sumaron á campaña, como os nacionalistas galeses do Plaid Cymru ou os republicanos do Sinn Féin. ♦

TRES EN RAIA

MENOS QUE CEN

MANUEL RIVAS

Unha maioria de rapaces británicos de sete anos non sabe contar ata cen, segundo ven de revelar un estudo guvernamental sobre o estado da educación. A cousa preséntase como unha especie de desastre nacional. Xa hai pouco, outro governo, neste caso o estadounidense, alertaba sobre o deterioro do ensino e acudaba á televisión de ser a causante do empobrecemento mental da infancia. George Bush apareceu como un abandeirado da escola frente á pequena pantalla e para min foi como se o Pato Donald se manifestara contra a factoria de Walt Disney.

En ambos e dous casos estou totalmente en desacordo de que os fallos detectados sexan tan importantes. En realidade, penso que non son fallos. É moito mellor que os nenos vexan a televisión que que anden pola rua coa cabeza rapada e dándolle nos cadrís aos mendigos. A maioria dos nenos de hoxe son ratiños de cidade e a televisión polo menos ofrécelles a posibilidade de ver algo de verde, sobretodo nos anuncios dos deterxentes ecolóxicos.

En canto ao de que os nenos conten ou deixen de contar, iso é unha trapallada. Os verdadeiros enemigos dos nenos e da sociedade son os autores de estadísticas como esas. Antes non había estadísticas e a xente sabía perfeitamente quen era, onde estaba e até onde sabía contar. Desde que hai estadísticas, produciuse unha grave crise de identidade e o irrestíbel ascenso do Partido dos Bebedores de Cervexa de Polonia. Desde que hai estadísticas descubrimos cousas tan importantes como que os nenos de sete anos non saben contar atá cen. ¡Que tontería! Eses mesmos nenos sabe perfeitamente contar por millóns. ¡A quen lle interesa hoxe a calderilla! ♦

VOLVER AO REGO

Cavilaba surprendido estes dias un alto cargo da Consellaria de Sanidade, despois de visitar Cuba: "Non hai sequer papel hixiénico, non hai auga, pero tampouco hai infeccións".

A razón está en que Cuba conta quizá coa mellor meiciña preventiva do mundo. En cámbio, nas nosas sociedades europeas, con máis médios, é preferíbel que as enfermidades se produzan, para dar traballo a ese mercado da saude, a cada en vías de maior privatización. Velaí duas lóxicas, ben distintas. ♦

BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO